

FRANCISCO JOSÉ FERNÁNDEZ DE LA CIGOÑA

OS BISPOS DE LUGO NO SÉCULO XIX

Lugo coñeceu estes anos decimónicos só sete bispos, o que supón longos pontificados. Dous chegaron ós vinte e cinco anos, outros roldaron os quince e tres os dez.

Pola diocese pasou unha gran figura da nosa igrexa, o cardeal Aguirre, pero será nos seus outros destinos onde acredite a súa fama, aínda que fose tamén un bo prelado lucense. O gran bispo diocesán foi De los Ríos Lamadrid que rexeu a mitra vinte e sete fecundos anos. E pésimo Sánchez Rangel.

Tres deles foron relixiosos: un dominico, tamén excelente pastor diocesán, e dous franciscanos. Só un deles chegou á diocese, a americana de Maynas, e tres saíron de Lugo a Cartaxena, a Burgos e Toledo e a Burgos. Un deles, Aguirre, chegará ó

cardealado pero xa fóra desta diocese.

Coñeceu esta mitra tantas procedencias xeográficas como bispos tivo: Asturias, A Rioxa, Estremadura, Galicia, Cantabria, Castela, León e Madrid.

FELIPE PELÁEZ CAUNEDO (1786-1811)

Seguir os bispos de Lugo é relativamente fácil, grazas ó canónico López Valcárcel, que escribiu un magnífico episodio lucense, continuando un labor interrompido do tamén canónico Antonio García Conde.

Felipe Peláez Caunedo naceu na parroquia de San Cipriano de Caunedo, concello de Somiedo (Asturias), o 17 de novembro de 1745¹. Doutor de Oviedo e máis tarde xuíz sinodal, vigairo xeral e provisor². Presentado para Lugo o

19 de setembro de 1786, foi preconizado o 18 de decembro dese ano. Foi consagrado polo bispo de León, Cuadrillero, asistido do seu irmán, o bispo de Mondoñedo, e do auxiliar de Oviedo, Llano Ponte, o 6 de maio de 1787 no mosteiro de relixiosas cistercienses de Otero de Dueñas³.

Guitarte, nunha información absurda, di que foi consagrado na igrexa das monxas cistercienses de Otero, diocese e provincia de Toledo⁴. É un dos sentidos cos que nos atopamos tantas veces en texto de historia eclesiástica ¿Que facían no corazón de España o asturiano Peláez, o bispo de León, o de Mondoñedo e o auxiliar de Oviedo? López Valcárcel vólvenos á realidade. Á histórica e á xeográfica. A consagración tivo lugar no mosteiro de relixiosas cistercienses de Otero

de Dueñas (León), demolido na revolución de 1868.

Gaspar Melchor de Jovellanos acudiu ó seu paisano en solicitude de apoio económico para o seu Instituto de Xixón e, polo que parece, en dúas ocasións. Vese que o bispo pensaba que as súas rendas tiñan mellor emprego que na fundación que era a nena dos seus ollos do político asturiano e, en vez de darlle diñeiro, deulle consellos e un tanto impertinentes: mellor sería que coidase de gobernar na súa casa e tomar estado. Jovellanos contéstalle en carta desabridísima. E respecto ó matrimonio aconsellado dille: “quen de mozo non se atreveu a tomar a súa noiva pola man, non a recibirá de vello da de tal amigo”⁵.

Tivo algunha controversia co Concello, que quería que a cidade lucense fose realenga en vez de abadenga, sobre o que o bispo informou á Real Cámara⁶. Varela de Vega dá como concluído o señorío episcopal en 1805⁷, que ostentaban os bispos desde os días de Alfonso VI. Se así foi, apenas se adiantou uns anos a perda á que con carácter xeral decretarían as Cortes de Cadiz. E, como era tan habitual entón, tiña o prelado a un sobriño sacerdote como protexido. Juan Peláez Caunedo foi arcediano de Dozón⁸.

De 1787 a 1808 presidiu a Sociedade Económica de Amigos do País de Lugo⁹. López Valcárcel dá conta das continuas pretensións da Coroa sobre os bens da Igrexa¹⁰ e das contestacións do bispo. Está totalmente acertado o canónico lucense, ó comparar esta desamortización de Carlos IV coa posterior do século XIX: “aínda que os efectos fosen practicamente idénticos (salvando, por suposto, a orde de magnitude,

apostillamos nós), nos motivos que os inspiraron (ós decretos) e nas matizacións da realización hai unhas diferenzas moi considerables”¹¹.

Non insistiremos nos seus roces co cabido¹², tan habituais naqueles días, nin na súa visita pastoral¹³, remitindo a quen queira máis precisións a López Valcárcel. Ofelia Rey fai referencia á publicación de pastorais pero non nos dá máis detalles¹⁴. Preocupáronlle tamén, e desde os primeiros momentos do seu pontificado, os problemas asistenciais e caritativos, en especial o tan sangrante en Galicia dos nenos expósitos cun índice de mortalidade pavoroso, pretendendo construír unha casa de beneficencia pero, por causa que ignoramos, non puido levar a cabo os seus propósitos¹⁵.

Peláez foi o gran reformador do Seminario de Lugo, ó que levantou a notables cotas intelectuais. Fraga Vázquez, a quen principalmente seguimos nesta cuestión, di que “quizas la reforma más importante de este siglo fue la llevada a cabo por el obispo Felipe Peláez Caunedo. En el año 1972 dispone: 1º Que se funden dos cátedras de Teología además de las que ya existen: una de *Locis Theologicis* y otra de Dogmática. 2º Se dará una clase de San Lucas a San Juan sin apartarse de la mente de los santos doctores Agustín y Tomás. 3º Habrá conclusiones públicas todos los domingos por espacio de dos horas, sustentadas alternativa-mente por los dos catedráticos con asistencia de los alumnos y también del rector. 4º Cada uno de los catedráticos de Teología defenderá todos los años un acto mayor sobre la materia explicada, repartiendo las conclusiones con ocho días de anticipación, a

las comunidades de Santo Domingo y San Francisco así como a las demás personas literatas de la ciudad. 5º El lectoral de la catedral explicará Sagrada Escritura en el Seminario siempre que haya estudiantes teólogos capaces de oírla”. E, ademais, manifesta que procede a solicitar a incorporación dos cursos do seminario a Real universidade de Santiago¹⁶.

Non cabe a menor dúbida de que buscaba para o seu seminario o maior nivel posible e sen concesión ningunha ás modas do momento. O ensino sería conforme a Santo Agustín e a San Tomás, os relixiosos da capital da diocese eran peza moi importante do proxecto... Escolleu o bispo a catro alumnos do seminario para que se especializaran en Filosofía e iniciou conversacións con dominicos e franciscanos para que un dos lectores de filosofía que ensinaban nos seus conventos o fixera tamén nos seminarios. E ese mesmo ano de 1792 nomeou ó dominico frei Juan Conde catedrático de Artes¹⁶.

A incorporación dos seus estudos á universidade compostelá, por Real dédula de 29 de novembro de 1803, xa dera notable respaldo ó centro vacacional de Lugo. E, sempre nesa liña de contar cos relixiosos, en 1804 nomea profesores do seminario a dous dominicos: frei José Pérez, para a cátedra de Cano ou de *Locis Theologicis* e frei José Carvallo para a de Filosofía. Ó ano seguinte, frei Antonio Orxe tamén dominico, é encargado da cátedra de Teoloxía. Sorprende a ausencia dos franciscanos. Non podemos dicir se se resistiron á colaboración ou se o convento lucense non tiña suxeitos aptos para desempeñar esas funcións¹⁷.

O 26 de novembro de 1805 erixiu no seminario unha academia de Teoloxía Escolástico-Dogmática, establecendo as normas para o seu funcionamento en 14 constituicións. Corenta e oito alumnos matricularonse no primeiro ano da súa existencia. Poucos bispos da época demostraron tal interese por ese centro básico para o existir dunha diocese, o que o coloca nun posto moi distinguido entre o episcopado dos seus días¹⁸.

García Oro trázanos en cambio unha visión moito máis negativa aínda que bastante incongruente, como veremos. “Peláez Caunedo no vivía la demanda cultural de la Ilustración con el mismo entusiasmo que su predecesor Armanyá, ni siquiera el ámbito de su seminario que continuaba siendo apenas un esqueleto y vivía a expensas de las enseñanzas teológicas y morales que ofrecían los conventos de Santo Domingo y San Francisco. Con esta solución y una hipotética vinculación a la universidad de Santiago, solo alcanzada en 1803, creía el prelado haber encaminado la institución más importante para la renovación de la Iglesia de Lugo, que era el seminario”¹⁹. Escribimos Armanyá porque así o escribe García Oro e tamén Ofe-
 lia Rey²⁰ pero en Galicia sempre se lle chamará Armañá. Pero vaíamos ó substancial. Se o seminario continuaba sendo apenas un esqueleto sería porque o ilustradísimo predecesor de Peláez que rexeu a sede lucense durante case vinte anos (1778-1785) non soubo nin quixo animar ó esqueleto. Que un franciscano coma García Oro lamente o ensino dos dominicos e franciscanos no seminario denota, como pouco, escaso amor á orde e desconfianza ou incluso pésimo

concepto dos seus irmáns de hábito. A hipotética vinculación á Universidade compostelá non tiña nada de hipotética, polo menos desde 1803. E foi un gran beneficio para os que alí cursaban os seus estudos. E o de que o seminario é a institución máis importante para a renovación da igrexa denota un progresismo barato, voluntarista e criamos que superado. Os seminarios son centros para formar bos sacerdotes, intelectual e moralmente, e non para renovar a Igrexa. A idea de que todo o novo é bo só a sosteñen xa algúns utópicos que pretenden vivir nun mundo de soños irrealis e imposibles. En moitas ocasións, non digo que en todas, a Igrexa acomódase máis á institución que o seu fundador quixo, restaurando e reformando que innovando. Vamos, que estamos nunha palabrería moito máis propia dun fervorín para monxas despistadas que dun texto de historia.

Desta época, previa á invasión francesa, é o paso pola súa diocese do santo misionero Diego José de Cádiz que, a comezos de 1795, colleitou en Galicia os mesmos éxitos relixiosos que noutros lugares de España. Se o bispo non tivo maior intervención na súa chegada, seguro que viu co maior gozo o seu paso pola capital da súa sede, onde, procedente de Ferrol, do 13 de xaneiro ó 2 de febreiro de 1795, “predicó ocho mañanas a los eclesiásticos y cinco tardes, en la plaza, al pueblo”²⁰. E hai algo que sorprende un tanto na información. Era o santo capuchino persoa acreditada na conversión das masas populares. ¿Por qué, en Lugo predicou moito máis ó clero que ó pobo? ¿Foi decisión dun bispo tan preocupado polo seu seminario? ¿Pensaba o prela-

do que converténdose o clero –enténdase o sentido da palabra “conversión”– o pobo estaba asegurado? Nada podemos asegurar ó respecto pero abrimos unha pista de investigación que, tratándose de Peláez, non nos parece desencamiñada.

Ante a consulta da Cámara de España e Indias reunida, de marzo de 1810, sobre a forma de suplir a confirmación papal dos bispos ante a incomunicación coa Santa Sé, Peláez foi dos partidarios de restablecer “a disciplina antiga”²¹. Foi, por tanto, dos bispos que adoptaron a solución máis antirromana, fronte á maioría dos seus irmáns que, ou ben querían que non se innovara nada, ou que tan importante cuestión a decidise un concilio nacional.

A guerra da Independencia trastornou a diocese lucense, como todas as de España. Económica-mente “era una sangüijuela insaciable”²². Por parte dos patriotas, para quen todo diñeiro era pouco na resistencia contra os franceses, e parte destes. Cando as tropas napoleónicas invadiron Galicia en 1809 o bispo e o seu cabido estiveron varios días arrestados, concluíndo todo, como tamén era costume, co pagamento de 30.000 reais do bispado, 20.000 do bispo, 30.000 dos canónicos, mais a planta do bispo e a da catedral, esta última por un peso de “mil cuatrocientos veinticinco marcos, una onza y dos ochavas”²³, que non sei traducir a quilos. Naqueles días tráxicos Peláez “demostró el amor a sus ovejas, humillándose a pedir a los franceses encarecidamente por el pueblo y sus moradores”²⁴. Buján refírenos o que foron aqueles sinistros días para España e para a Igrexa, concretándose os á diocese lucense. As forzas

inglesas do xeneral Moore, en principio aliadas, en retirada ante os franceses, saquearon o convento de San Francisco. “Más que aliados parecían auténticos invasores, destruyendo y apropiándose de todo lo que encontraban, en enero de 1809”²⁵. Despois pisándolle os talóns, chegarían os franceses, permanecendo na cidade de xaneiro a xuño, mes no que abandonaron Galicia ante a resistencia dos seus habitantes. Nese escaso medio ano saquean o que atopan ó seu paso, dándolles o mesmo que sexan bens particulares ou eclesiásticos. O acuartelamento lucense foron os conventos de San Francisco e o de relixiosas da Nova, así como todas as casas de primeira orde da cidade. A igrexa dos franciscanos convertérona en cortes e a biblioteca foi pasto do lume²⁶. Do que para a Igrexa supuxeron as Cortes de Cádiz xa falamos noutras ocasións e a iso nos remitimos²⁷.

Artola dá conta dunha representación dirixida ás Cortes polo M.R. arcebispo de Santiago e RR. bispos de Lugo, Mondoñedo, Tui e Santander, datada en Oporto o 6 de xaneiro de 1811, defendendo as Cortes estamentais²⁸ pero con este documento e con outros do arcebispo, como veremos, hai poucas confusións. García Cortés di que o que cita Artola é unha reimpresión e, aínda que non deu coa versión orixinal: “además de la edición inicial –que non coñezo– se reimprimió en 1811 y nuevamente en 1814, sin apenas variaciones”²⁹, sábese a súa data: 30 de setembro de 1810³⁰.

García Cortés fala de dúas representacións máis³¹ que non presentarían o menor problema xa que estarían asinadas por Múzquiz e polo bispos galegos

daquela vivos, se non fose porque o historiador compostelán nos asegura que as asinaron os mesmos bispos que o fixeron no documento anterior, é dicir, aquel no que reclaman as Cortes estamentais³². Páxinas antes nos confirmaba que os tres escritos estaban asinados polos cinco bispos³³, é dicir, Santiago, Lugo, Mondoñedo, Tui e Santander, e as datas destes: 30/9/1810, e 12/7/1812.

E nese mesmo empeño de non enterrar ó bispo de Lugo, o famoso Joaquín Lorenzo Villanueva di que o 18 de xuño de 1813 “acordó la Regencia expedir órdenes a Galicia por extraordinario, al arzobispo de Santiago, a los obispos de Lugo, Tuy y Mondoñedo, y a los gobernadores de Orense, exigiendo en el término de una hora el cumplimiento de los decretos sobre publicación del de Inquisición en la parroquias, so pena de expatriación y ocupación de temporalidades”³⁴. Como se ve, moi liberal. Pero o clérigo jansenista incorre como García Cortés nun notable erro, porque a Peláez xa non se lle podía esixir nada, nin tampouco ocupárselle as súas temporalidades, pois o 9 de xullo de 1811, “administrado de los Santos Sacramentos que recibió con todo conocimiento y edificación”³⁵, falecera.

Manuel Fernández Varela, naquel tempo prior de Acoba e máis tarde importante personaxe da Igrexa hispana, na que chegou a comisario xeral da Cruzada, na oración fúnebre pronunciada nas súas exequias, falou de “su vida ejemplar y arreglada y su notorio celo en el mayor bien de la diócesis”³⁶. En cambio, segundo Antonio Rodríguez Mas, que non cita a fonte³⁷, “no gozaba de ninguna simpatía

entre sus diocesanos”. ¿Responde a esa escasa simpatía que non se saiba onde esta enterrado?³⁸. Cremos que non, entre outras cousas porque non atopamos outro testemuño desta falta de sintonía cos seus fieis. Pero é que, ademais, o 9 de xullo de 1833, trasladáronse solemnemente as súas cinzas, organizándose con este motivo un solemne funeral no que pronunciou a oración fúnebre o ilustre sacerdote diocesano Pedro López de Rivera, maxistral e arcediano de Triacastela, gobernador eclesiástico discutido despois, perseguido polos liberais, reitor do seminario durante vinte e oito anos, logo deán de Lugo³⁹... O testemuño de Pereira, de quen tomamos estes datos, adoece de notabilísimos erros coma o de facer a López de Rivera bispo de Tui. Pero parece certo o do sermón nos funerais de Peláez, que tamén confirma Rey Castelao, dándonos incluso a referencia da imprenta que o editou⁴⁰. Que logo se perdera na memoria onde foi enterrado non podemos atribuílo ó desamor dos seus fieis contemporáneos.

Outro historiador, este contemporáneo, dinos que o concello de Lugo pretendeu que o xuramento da Constitución tivera lugar na catedral pero “el fervor del obispo distaba mucho del sentido por las autoridades civiles y no acepta la propuesta. Mantiene su criterio de que la catedral no era parroquia y que la Orden señalaba claramente que el acto debía celebrarse en la parroquia. Después de una polémica, la iglesia accede a que la proclamación se celebrase en el altar del Buen Jesús, con mayor cabida que el San Froilán, por separado. Con ello se retrasa considerablemente el acto por lo que sólo el 20 de



*José Antonio de
Azpeitia y Saénz de
Santa María
(1814-1825).*

septiembre, tras jurar el párroco de Santiago y sus feligreses, se puede colocar la lápida que decía “Plaza de la Nueva Constitución”⁴¹. Como la Constitución no se pudo jurar antes de que se proclamara, en 1812, no cabe duda de que el obispo non pudo jugar tampoco ningún papel en esta historia por estar enterrado desde hacía tiempo.

JOSÉ ANTONIO DE AZPEITIA Y SAÉNZ DE SANTA MARÍA (1814-1825)

Nacera en Torrecilla de Cameros o 19 de marzo⁴², de maio⁴³, ou de outubro⁴⁴, 1761. Cuenca⁴⁵ anticipa en dez anos a data de nacemento pero cremos que se trata dunha errata de imprenta. De familia fidalga e brasonada non é estraño, polo que despois se verá que a casona familiar pasara a ser coñecida no lugar como “la casa

de los obispos”⁴⁶, ó naceren nela os prelados. Estudou en Toledo e na universidade de Salamanca, onde se doutorou en ambos dereitos. Canónigo, tesoureiro, arcediano, provisor e vigairo xeral de Segovia, deulle ó seu tío José Antonio Sáenz de Santa María, co que se criara e educara, a posesión daquela sede castelá⁴⁷. Cuenca dinos que tamén foi autor da Rota⁴⁸.

Presentouse para a diocese de Lugo o 25 de setembro de 1814 e foi preconizado o 19 de decembro⁴⁹, ou entre o 25 de setembro e 19 de decembro⁵⁰, dese mesmo ano. Consagrouse nas Salesas de Madrid o 12 de febreiro de 1815, xunto co bispo de Zamora, Inguanzo, de mans do arcebispo de Granada Álvarez de Palma, asistido dos bispos de Almería e Calahorra, Mier e

Puyal⁵¹, entrando en Lugo o 27 de abril seguinte⁵².

Practicamente cando chegou á súa diocese, e atendendo a petición da aldea de Monforte, que quería que volvesen os xesuítas, que acababan de ser restaurados por Pío VII, á súa cidade, o bispo así o solicita de Fernando VII, o 29 de xuño de 1815⁵³.

López Valcárcel –García Oro séguelle literalmente en moitas ocasións sen máis que unha cita xeral na bibliografía introdutoria–, dános a coñecer a súa pastoral de 17 de febreiro de 1816, que parece a primeira que produciu, e por iso vemos que iniciara xa a visita diocesana⁵⁴.

“Hombre de ideas estrictamente tridentinas –que por lo que nos dice García Oro que eran esas ideas nos parecen excelentes y absolutamente eclesiales–, insiste

inicialmente en la vigencia de la normativa conciliar y sinodal (evidentemente nadie había derogado el Concilio ni el último sínodo diocesano en vigor); en las pautas de renovación que conllevan los ejercicios espirituales, la práctica regular de las conferencias morales; en la selección de los candidatos a las órdenes mediante riguroso examen y la gestión parroquial ajustada por lo que toca a los libros parroquiales, entre los que se incluye también el cartulario parroquial o copiador de los documentos episcopales⁵⁵. Nin que dicir ten que continúa seguindo ó pé da letra ó canónigo lucense ata extremos irritantes.

Por eses días establece provisionalmente unha casa para recoller os nenos expósitos⁵⁶. O catro de xullo de 1819 ten a satisfacción de consagrar bispo na súa catedral ó seu irmán Ramón María, que fora nomeado bispo de Tudela⁵⁷. Este feito, que parece insólito, dous irmáns bispos, repetiuse con máis frecuencia do que se pode pensar. Na idade contemporánea foron irmáns, ademais dos Azpeitia, os Cuadrillero Mota, Cayetano Antonio, bispo de Cidade Rodrigo (1763-1777) e de León (1777-1800) e Francisco, bispo de Mondoñedo (1780-1797); os Abade e Lasierra, Manuel bispo de Ibiza (1783-1787) e de Astorga (1787-1791) e arcebispo titular de Selimbria (1792-1806) e Agustín Íñigo, bispo de Barbastro (1790-1813); os Carrillo Mayoral, Joaquín, bispo de Zamora (1804-1810) e Antonio, bispo de Plasencia (1815-1826); os Gómez de Salazar e Lucio-Villegas, Manuel, bispo de Sigüenza (1875-1879), de Málaga (1879-1886) e arcebispo de Burgos (1886-1893) e Francisco, bispo de León (1886-1904),

e teño dúbidas sobre os Díaz Merino pois, pese a levaren o mesmo apelido e ser ambos dun pequeno lugar manchego, Iniesta, a diferenza entre as datas de nacemento, 1740 e 1772 –trinta e dous anos–, semella descartar a irmandade⁵⁸.

A resposta de Azpeitia sobre a oportunidade da amnistía que o rei Fernando VII consulta en 1817⁵⁹ é absolutamente contraria ó proxecto, o que di non pouco da ideoloxía do prelado. López Valcárcel dá conta pormenorizada de numerosas circulares que expediu o bispo antes do Trienio Liberal pero non teñen especial interese, polo que remitimos á obra do canónico de Lugo a quen queira máis precisión⁶⁰. Ofelia Rey, despois de dicirnos que “no parece haberse singularizado” no seu pontificado lucense⁶¹ –nós opinamos que se singularizou bastante, a non ser que queira dicir que, téndose singularizado contra o Trienio a maior parte dos bispos, non se singularizou ningún. Ou só os que se singularizaron –fálanos de varias pastorais. E unha delas, a primeira, verdadeiramente singular, non tanto polo tema, a suscripción dun donativo á Coroa, senón pola data. Nada menos que é de 1798, é dicir, de deza seis anos antes de que fose bispo. Verdadeiramente singulares as pastorais dos que non son pastores⁶². Das demais apenas só nos dá as datas. Dúas de 1816 e unha de 1824. E entre elas “unha falsa pastoral”, en pleno Trienio liberal. ¿Por qué falsa? Porque é unha reprodución da que o cardenal Borbón publicou sobre libros prohibidos. A iso no se lle chama unha falsa pastoral. O bispo estaba preocupado polo dano que podían facer nos seus feis esas publicacións, os tempos

eran difíciles, o Goberno mexericas, pois pareceulle ben facer súa, e menos comprometedor, pois á fin e ó cabo era un primo do rei e benquisto do réxime, a pastoral do arcebispo primado. Unha das de 1816 recomendáballo ó seu clero a lectura das Escrituras como arma contra “los enemigos ocultos” e “la perversa filosofía”⁶³.

O trienio alterou a tranquila vida eclesial lucense. “Luego que estalló la rebelión de La Coruña se retiró a Villafranca y, vuelto despues a su capital, en el Jueves Santo se le mandó ponerse en camino para La Coruña sin dilación, donde pudo desvanecer algunas calumnias que forjaron contra él y se le permitió volver a su diócesis donde ha sido espionado y observado constantemente”⁶⁴.

Rodríguez Rodríguez di en cambio que, aínda que recibiu orde do secretario da *Junta Superior de Galicia* para que se trasladara á Coruña co fin de recoñecer a autoridade daquela Junta, “el prelado cree máis oportuno no moverse de Lugo y el 3 de abril comunica al Ayuntamiento que el día siguiente pasará a jurar la Constitución”⁶⁵.

Non se arredou, con todo, o bispo, que, o 11 de outubro de 1820, asina unha exposición pedindo que nas materias eclesiásticas, antes de resolver, se oia ós bispos⁶⁶. Antes do 26 de setembro escribira outra sobre a circular do 5 dese mes e ano, que lles mandaba ós bispos que non prohibisen nin recollesen libros ata que o Goberno formara un novo Índice⁶⁷.

A explicación da Constitución das igrexas tampouco convence moito a Azpeitia aínda que, “tras medio año de polémica el obispo accede a ello en septiembre”⁶⁸

pero parece ser que o pobo ofreceu aínda máis resistencia có prelado pois, segundo comunican os párrocos, tanto urbanos coma rurais, a medida resultou de imposible cumprimento pois “si la explicación la hacían al ofertorio, el pueblo abandonaba el tempo y si se hacía al final del sacrificio ningún paisano se quedaba a escucharla”⁶⁹. Como síntoma dun estado de espírito parécenos contundente.

O 16 de novembro de 1820 enviálle ó arcebispo de Valencia, Arias Teijeiro, unha carta de adhesión pola súa representación ás Cortes⁷⁰. E o 7 de decembro escribelle a Pío VII referindo a situación española e solicitando instrucións pontificias⁷¹. O Papa contestoulle o 29 de agosto do ano seguinte, lamentando o que ocorría en España, mandándolle que non asuma o réxime de regulares e comunicándolle que o nuncio tiña as facultades que o bispo puidese precisar⁷². Naturalmente, Azpeitia Sáenz de Santa María recabou de Giustiniani a autorización necesaria para poder exercer xurisdición sobre os relixiosos⁷³. Antes de recibir as facultades expúxolle ó Goberno que non lle era posible encargarse deles por carecer da citada xurisdición⁷⁴.

O goberno insiste, comunicándolles ós bispos renuentes a súa obriga de acatar as disposicións do executivo. Azpeitia contesta daquela con outra exposición, datada o 1 de maio de 1821⁷⁵, na que recorda a doutrina canónica, pide que se lle permita solicitar do Papa as facultades correspondentes, aínda que se ofrece a exercelas, supoñendo que o pontífice neste caso llo permitise. Non era sincero o bispo pois ocultáballe ó goberno que xa posuía as citadas facultades⁷⁶. E

tampouco tiña en conta o escándalo que lles podía causar a todos aqueles que tamén descoñecesen que o bispo estaba canonicamente facultado. A saída parécenos máis hábil e valente. Certamente houbo bispos máis dignos. Aínda que tamén os houbo moito menos. Pero non convén, por esta debilidade do bispo, que pretendía enganar ó goberno, tal vez sen darse conta de que enganaba a todo o mundo salvo a aquelas persoas ás que el quixese comunicar privadamente a verdadeira situación, diminuír demasiado o alto concepto que por todas as súas restantes actuacións merecía.

O 19 de febreiro de 1822 dirixe outra exposición sobre o Código penal, protestando contra o artigo 329, que imponía graves penas “a los que enseñen que la potestad civil no puede ejercer imperio sobre el Clero o no tiene autoridad en materias de disciplina exterior”⁷⁷. Dice la Colección Eclesiástica que “el Santo Padre vio una copia de esta representación por otra mano que la del señor obispo y manifestó su aprobación y fino aprecio, y su lectura le sirvió de consuelo”⁷⁸. Publicó también un edicto sobre los malos libros⁷⁹.

Creo que Pazos interpreta mal lo que dice la Colección Eclesiástica⁸⁰: “los señores obispos de Lugo y Orense llamados desde un principio a La Coruña ante los presidentes de los revolucionarios a dar razón de su conducta, que pudiéramos decir de su fe, y a padecer afrentas por la religión de Jesucristo”. Cree el franciscano que ello fue la consecuencia “de todas las protestas”⁸¹. Pero non foi así. As xustificacións da Coruña foron na Coresma de 1820, antes de que o bispo dixese nada.

Entradas xa as tropas de Angulema en España, o capitán xeral de Galicia, Pablo Morillo, pensou que era máis conveniente para os seus intereses cambiar o bando e, sen o menor escrúpulo, pasouse ó absolutismo. E, sen dúbida polo prestixio de Azpeitia entre os realistas, pois noutro caso non tería sentido, asociou o bispo á xunta que crea en Galicia⁸².

Unha vez que volveu o bispo ó tranquilo goberno da súa diocese, seguiu publicando circulares⁸³, e nalgunha delas hai algún mandato pintoresco, como prohibirle ó clero fumar nas sancristías e adros das igrexas, especialmente con sobrepeliz. Tamén lle advirte ó pobo que os que non cumpran co precepto pascual serán excomulgados. Evidentemente este mandato non se pode xulgar cos ollos de hoxe senón cos da época.

Azpeitia foi presentado para a importante diocese de Cartaxena –hai que velo como un premio á súa actuación do trienio– o 19 de decembro de 1824 e preconizado o 21 de marzo de 1825⁸⁴, ou entre o 21 ou o 25 dese mesmo mes e ano⁸⁵. Alí tería un pontificado difícil a causa da situación eclesial que provocou a morte de Fernando VII pero aquí estamos tratando dos bispos de Lugo e non dos cartaxineses. Existe unha biografía do bispo, de F. Candel Crespo⁸⁶, que non podemos consultar.

Como bispo de Lugo e aproveitando a estancia en Madrid para a súa consagración que tivera lugar unha semana antes, asistiu, o 19 de febreiro de 1815, á dos bispos de Barbastro, Lera; Ceuta, Esteban e Málaga, Cañedo. O 3 de novembro de 1816 asistiu en Santiago á do bispo de Mondoñedo, Cienfuegos. O 19 de marzo de 1819, na mesma cidade galega, á do de

Ourense, Iglesias Lago. E, xa o dixemos, o 4 de xullo de 1819 consagrou na súa catedral de Lugo ó seu irmán Ramón, nomeado para a mitra de Tudela⁸⁷.

Molina confúndeo co seu tío, José Antonio Sáenz de Santamaría, ou ó seu tío con el, ó dicir que “el obispo de Segovia, y más tarde el de Murcia”, condenou o *Diccionario* de Gallardo⁸⁸. Todo é pura confusión pois quen condenou a obra de Gallardo non foi bispo de Murcia. Ou mellor de Cartaxena, que ese era o seu título. Pero xa postos a confundir non debeu omitir que tamén o presunto condenante fora bispo de Lugo. Pois Lugo tamén existe.

HIPÓLITO SÁNCHEZ RANGEL DE FAYAS Y QUIRÓS OFM (1825-1839)

Hipólito Sánchez Rangel⁸⁹, ó que algúns lle engaden Antonio ó nome⁹⁰, outros un e Fayas⁹¹, ou un de Fayas⁹², e algúns ademais un e Quirós⁹³, naceu en Santos, hoxe Santos de Maimona, o 2 de decembro de 1761⁹⁴. Cárcel sitúa esta poboación en Coria⁹⁵, pero non está na provincia de Cáceres senón na de Badaxoz. Cuenca sitúao, con acerto, entre os bispos “membros da mediana e pequena nobleza”, dicindo dos seus proxenitores o mesmo fraile que “sobre su prosapia, no tuvieron que envidiar a ningún español”⁹⁶. Deixando aparte a esaxeración de quen tan propenso era a ela, como a gloriarse dos seus brasóns, parécenos indubidable a condición de nobre da súa familia, aínda que, como o catedrático de Córdoba recolle de Quecedo, o seu estado social decaera “por la adversidad humana”⁹⁷. O que se di: un nobre vido a menos.

Tomou o hábito franciscano o 20 de maio de 1782 no convento de

San Francisco de Sevilla e Egaña di enigmaticamente: “conservando bajo el sayo ceniciento un profundo aprecio por su apellido”⁹⁸, o que podería explicar que nalgúns autores chegara ata o “y Quirós”. Como, segundo Pazos, que segue nisto ó mesmo frei Hipólito, era fillo de Alonso Sánchez Rangel e de Tomasa de Fayas⁹⁹, parece que o apelido Quirós, se o utilizou, foi unha vaidade do bispo.

Estudou nos conventos de Lebrija e Sevilla, ensinou nos de Utrera e Marchena¹⁰⁰. E, tras opositar sen éxito á cátedra, regresou á docencia nos claustros da orde ata que en 1795-1796 pasa a Cuba como custodio e reformador da provincia de Santa Elena-da Florida pero, por non entenderse co Provincial Ulagar, que propendía a unha máis rixida estreiteza, regresa a España¹⁰¹. De volta á península é destinado como lector ó convento de Marchena, ata que o 13 de abril de 1802 sae de novo para Cuba, con 34 relixiosos, como reformador da provincia de San Francisco de La Habana. Verificando a reforma “con tacto finísimo y con alegría y contentamiento de los interesados”¹⁰². Exerceu tamén a docencia na illa antillana e doutorouse en Teoloxía, gañándose a confianza do bispo da Habana, Díaz de Espada, para o que executou numerosas comisións¹⁰³.

Pío VII erixira, de acordo con Carlos IV, o bispado de Maynas o 28 de maio de 1803¹⁰⁴. Ese mesmo día, segundo Benítez, que non está ben informado, preconizou ó franciscano como o seu primeiro bispo¹⁰⁵, se ben este quixo renunciar e volver a España custando ó parecer non pouco convencelo da aceptación, cousa que fixo o 22 de xullo de 1804¹⁰⁶. Asegurada a

conformidade do episcopable, Carlos IV preséntao para a diocese ecuatoreña o 13 de outubro de 1804 –os documentos do Goberno español omiten sempre o “de Fayas y Quirós”–, sendo preconizado no consistorio do 26 de xuño de 1805¹⁰⁷. Cuenca, en intelixente comentario sinala que entre 1794 e 1808 son dez os estremeños, entre eles Sánchez Rangel, elevados ó episcopado, mentres que entre 1814 e 1833 só dous naturais daquelas provincias obtiveron a mitra. A explicación non se lle oculta ó catedrático cordobés: o estremeño Godoy rexía os destinos de España¹⁰⁸.

Tras unha accidentada viaxe, na que os ingleses lle roubaron as bulas de nomeamento, “pobre y sin nada llegó a Veracruz”, cruzou México, embarca de novo en Acapulco e, superando máis dificultades, chega por fin a Guayaquil¹⁰⁹, onde o socorre o bispo de Quito que o consagra na igrexa de San Francisco daquela cidade o 22 de decembro de 1807¹¹⁰. Guitarte confirma o día e o ano pero dubida entre novembro ou decembro¹¹¹.

Ás dificultades propias da diocese uníronse discrepancias con irmáns de hábito e enfrontamentos co gobernador e co vicerrei, ata o extremo de que en 1809 xa quería Sánchez Rangel renunciar á mitra¹¹².

Os comentarios a estes primeiros anos episcopais son diversos. Se por un lado se gaba o celo polos seus indios e a entrega na visita pastoral, na que sufriu non só incomodidades senón incluso perigos, o feito de ter chocado practicamente con todo o mundo non podía pasar desapercibido. O P. Pazos, benévolo co seu irmán de hábito, non sabe “si achacárselo al P. Rangel y a su



*Hipólito Sánchez
Rangel de Fayas y
Quiros OFM
(1825-1839)*

temperamento”¹¹³ mentres que López Valcárcel fala da falta do “tacto adecuado” do bispo¹¹⁴.

Xa por estes días era sombra de Sánchez Rangel, en todos os sentidos da palabra, “un personaje que sempre acompañó a este prelado como secretario e factótum, José María Padilla del Águila, personaje a mi juicio enigmático y hasta algunas veces un tanto siniestro”¹¹⁵.

Producida a insurrección americana, Sánchez Rangel declarouse aberto partidario de Fernando VII, o que o obrigou a fuxir en diversas ocasións, en 1820 e 1821. Na última delas “lanza a súa famosa pastoral do 4 de agosto de 1821”, na que entendemos que confunde a súa lealdade española cos seus deberes episcopais. Transcribimos de Egaña a conclusión da pastoral: “Por lo

que Nos toca, cualquiera de nuestros súbditos que voluntariamente jurase la escandalosa independencia, con pretextos frívolos y de puro interés propio, lo declaramos excomulgado vitando y mandamos que sea puesto en tablillas; si fuese eclesiastico, lo declaramos suspenso, y si alguna ciudad o pueblo de nuestra diócesis, le ponemos en entredicho local y personal, y mandamos consumir las especies sacramentales y cerrar la iglesia hasta que se retracte y juren de nuevo la Consitución española y ser fieles al Rey. Si alguno de nuestros hijos obedeciere a otro obispo que a Nos, o a otros vicarios que los que Nos pusiéremos, si oyese misa de sacerdote insurgente, o recibiere de él sacramentos, lo declaramos también excomulgado vitando por cismá-

tico y cooperador al cisma político y religioso que es toda la obra de los insurgentes...”¹¹⁶.

A pastoral parécenos unha imprudencia máis deste bispo imprudente que abocaba ós fieis ou a desprezar o mandato do bispo ou a quedar sen sacramentos de por vida, pois a insurrección xa triunfara. Coincidimos plenamente con Egaña, que cualifica o escrito de Sánchez Rangel como “horrible amalgama de lo político y religioso”¹¹⁷.

O bispo emprende daquela a súa fuxida a Brasil deixando de vigairo a Padilla, pero este, “que o seguía desde había vinte anos”¹¹⁸, preferiu seguir a Sánchez Rangel no seu camiño cara a España. Segundo López Valcárcel foi xa en São Paulo onde nomeou a Padilla vigairo, o 22 de agosto de 1821, pero como non había quen

o acompañase a España, tróuxoo con el¹¹⁹.

Residiu desde a súa chegada en 1822 no convento de San Francisco de Madrid¹²⁰. A restauración de Fernando VII, caído o Trienio Liberal, supuxo para algún bispo colaboracionista a precisión de renunciar á mitra. Foron concretamente dous: o mallorquín González Vallejo e o cartaxenero Posada e Rubín de Celis. A forzada e traballosa renuncia deste último supuxo unha breve administración apostólica que se encomendou a este bispo regresado de América e que se atopaba man sobre man. Guitarte e Teruel dan o 28 de setembro de 1824 como a data na que se lle encomendou a administración apostólica¹²¹. Fernando VII, acabado de liberar do xugo constitucional, preséntao para o bispado de Lugo o 26 de decembro de 1824 –agora a cédula de presentación chámase Hipólito Antonio Sánchez Rangel y Fayas¹²²–, sendo preconizado o 21 de marzo de 1825¹²³, ou entre o 26 de decembro de 1824 e o 21 de marzo de 1825¹²⁴.

Estes primeiros anos de episcopado lucense son normais. Vémolo como subscritor das Cartas do Filósofo Rancio: “Ilmo. Sr. obispo de Maynas, electo de Lugo”¹²⁵ da Biblioteca de la Religión¹²⁶.

Foi un dos 21 bispos convocados na sesión do Consello de Ministros de 23 de abril de 1833 para asistir á xura da infanta Isabel como princesa herdeira¹²⁷. A todos os bispos que asistiron á solemne cerimonia concedéronlles a Gran Cruz de Isabel a Católica pero a Sánchez Rangel, que xa estaba en posesión dela, “quiere S.M. se le recomiende a Su Santidad para que le nombre Prelado Asistente al Sacro Solio

Pontificio y que, además, se haga saber al mismo señor obispo que habiendo llegado la noticia de S.M. que la Mitra de Lugo no produce lo suficiente para mantener decorosamente su dignidad por causa de las pensiones que satisface, para acordar y trasladar su imposición a otras Mitras o Dignidades Eclesiásticas vacantes o que vacaren y que puedan soportar este gravamen”¹²⁸. Non deixan de ser notable mostra do regalismo imperante as atribucións que o rei se tomaba para gravar ou desgravar mitras. Non deixa de ser notable mostra o regalismo imperante as atribucións que o rei se tomaba para gravar ou desgravar mitras e dignidades con pensións que distribuía ó seu real arbitrio, dispoñendo do que non era seu senón da Igrexa. Pero naqueles días esas invasións no eclesiástico eran consideradas normais e aceptábanse de mellor ou peor gana polos gravados e con gran satisfacción polos agrazados. A Sánchez Rangel non lle saíu mal a súa presenza no acto palaciano. A morte de Fernando VII convérteo nun dos prelados máis colaboracionistas da Igrexa hispana. Cárcel trátao, na nosa opinión, con demasiada benevolencia cando escribe: “a súa conduta durante a rexencia cristina causou gran desorientación na diocese lucense, pois o bispo, máis por ignorancia que por malicia, aceptou cargos políticos, como prócer do reino e membro da Xunta Eclesiástica para a reforma do clero secular e regular, en 1834, cuns plans que a Santa Sede nunca aceptou”¹²⁹. Non cremos na ignorancia de Sánchez Rangel. Unha vez máis confundiu a política coa relixión e puxo a esta ó servizo da primeira

como fixera na súa diocese de Maynas. Isto fixoo chocar con varios membros do seu cabido, “partidarios del entonces recién nacido carlismo, como la inmensa mayoría de los clérigos y religiosos españoles, que no veían protección en la monarquía liberal”¹³⁰.

Os seus nomeamentos, como membro da *Junta Eclesiástica*, vergonzoso episodio do regalismo hispano no que non dubidaron en colaborar traizoando os seus máis sagrados deberes, destacados membros da Igrexa hispana, e como prócer do reino¹³¹, retivérono en Madrid case dous anos, regresando a Lugo probablemente en febreiro de 1837.

A *Real Junta Eclesiástica*, encargada de preparar o arreglo do clero polo Goberno de Martínez de la Rosa, creouse por Real decreto de 22 de abril de 1834 e Sánchez Rangel era un dos seus integrantes. Con el estaban dous dos bispos máis antirromanos do momento. O arcebispo de México, Fonte, que abandonara a súa diocese nos días da emancipación da Nova España, e os bispos de Sigüenza, Fraile; Astorga, Torres Amat; Santander, González Abarca; Huesca, Ramo de San Blas; o que fóra de Mallorca e agora se atopaba na mesma situación co anterior, González Vallejo; e os bispos electos de Almería e Teruel, que Roma nunca recoñeceu, Ramos García y Liñan¹³². As bases presentadas a María Cristina para o arreglo do clero español son un monumento á deshonra episcopal.

Destes anos tráxicos para a Igrexa só atopamos unha actuación do bispo que non levara selo da indignidade. En 1837 o Goberno quería nomear, ante a heroica resistencia do cabido de Oviedo, un gobernador intruso e díxose

que acudiu para iso ós bispos veciños, que eran tal para cal: o de Astorga, Torres Amat, e o de Lugo, Sánchez Rangel. Pero estes non se prestaron á intromisión na diocese asturiana¹³³. De ser certo, aínda lle quedaba ó bispo un resto de eclesialidade.

Pazos pasa como sobre ascuas por esta etapa episcopal aínda que nos parece case bochornoso que fale do “espírito recto” de Sánchez Rangel¹³⁴. Sen dúbida a fraternidade seráfica se impuxo á verdade. Ó referirse á súa “producción literaria”¹³⁵ dinos que “una nota particular tienen las pastorales de Rangel, y es que en ellas intercala con marcada frecuencia versos y poemas de su propia fabricación”¹³⁶. Outra extravagancia do carácter peculiar deste bispo. Como o “negrito Miguel” que o acompañaba¹³⁷. Tamén Cuenca fai alusión a esas peculiaridades dos escritos pastorais do bispo, redactados “con pluma torpe pero erudita en multitud de coplillas y otras muestras de más alta calidad poética por el género que no por sumen inspirador”. Cando di de si mesmo, cremos que con moita máis falsa modestia que sinceridade, nunha décima que a xulgar por estes versos debe ser espantosa: “... Jesucristo/ sabe, que yo nunca he visto/ el arte de la poesía...”¹³⁸, el franciscano acierta plenamente. E respecto da súa prosa parécenos sumamente acertado o xuízo que Cuenca recolle de Quecedo¹³⁹.

López Valcárcel danos unha por menorizada relación de pastorais e circulares do bispo¹⁴⁰, tema no que tamén incidirá Ofelia Rey¹⁴¹, se ben con moito menos seguimento do canónico que o que acostuma a utilizar García Oro. Polo menos tomouse o traballo

de consultalas e dános a referencia incluso das imprentas que as deron á luz.

Cando a supresión de todos os conventos da súa diocese estaba o bispo de Madrid e, como era de prever, consistiu todo. Incluso o gobernador eclesiástico, que era o inevitable Padilla, máis ben colaborou coas sabias e supremas determinacións fronte ó abade de Samos, que intentaba salvar á súa comunidade¹⁴².

Borrow, na narración da súa viaxe por España intentando difundir as súas biblias protestantes, subministraunos unha noticia que ten a súa importancia para terminar de caracterizar a este bispo. Refire a súa chegada a Lugo, en 1837. “Treinta ejemplares llevé allí y en un sólo día se vendieron. El obispo de la ciudad compró para sí dos ejemplares, y varios curas y frailes exclaustrados, en lugar de seguir el ejemplo de sus hermanos de León persiguiendo la obra, hablaron bien de ella y recomendaron su lectura”¹⁴³. Parécenos suficientemente ilustradora. Mentres Moreno, Montero ou, algún tempo despois, Costa e Borrás, clamaban contra estes intentos protestantes, outros: González Vallejo, Torres Amat, Martínez de San Martín, Sánchez Rangel, os peores bispos de España, seguían a conduta oposta e extremaban condescendencias e amabilidades.

O 29 de abril de 1839¹⁴⁴ faleceu este bispo que non foi glorioso nin para a sé lucense nin para a igrexa hispana. E tan mala memoria debeu de deixar na súa diocese que non quedou nin o recordo de ónde está enterrado. López Valcárcel cre que debe repousar, coma o seu antecesor Peláez, “en total anonimato, si efectivamente han sido sepulta-

dos en el cementerio capitular”¹⁴⁵.

Como bispo de Maynas, aínda que sempre en España, asistiu, o 25 de xullo de 1824 en Madrid, á consagración dos bispos de Guadix e Albarracín, Cordón e San Félix; o 3 de outubro do mesmo ano, tamén en Madrid, á do de Valladolid, Toledano, e seguramente á do de Menorca, Ceruelo, que debeu de ser consagrado na mesma cerimonia. Aínda nese ano, o 17 de outubro, consagra en Madrid ó bispo de Ávila, Aduriaga, o 7 de novembro, no mesmo lugar, ó de Salamanca, Varela, e o 21 do mesmo mes, sempre na capital de España, ó de Canarias, Morete. Xa en 1825, o 20 de febreiro asiste á do bispo de Zamora, da Igrexa¹⁴⁶. Era sen dúbida un dos bispos que estaban máis á man en Madrid por vivir desde a súa chegada de América no convento da súa orde na capital de España¹⁴⁷.

SANTIAGO RODRÍGUEZ GIL (1847-1857)

Morto Sánchez Rangel entrou na diocese nunha situación de interinidade, querendo o Goberno que se lle conferise a xurisdición ó home de confianza de Sánchez Rangel, Padilla, arcediano de Dozón e non de Dorón, como di Cárcel¹⁴⁸.

Existen algunhas discrepancias entre López Valcárcel e Cárcel Ortí sobre esta época¹⁴⁹ e sobre a intrusión de Policarpo Romea¹⁵⁰ pero non nos deteremos nelas pois temos estudado ós bispos e non ós que se intrusaron na xurisdición eclesiástica ou a exerceron lexitimamente sen vacante. Garcío Oro¹⁵¹, unha vez máis, resume o texto de Valcárcel sen citalo.

Chegado o partido moderado ó poder púidose por fin nomear



*Santiago
Rodríguez Gil
(1847-1857).*

bispo para Lugo e esta vez na persoa dun galego. Santiago Rodríguez Gil nacera na parroquia de Santa Cristina de Valeixe, –Valeye di Guitarte¹⁵²–, diocese de Tui, o 23 de xullo de 1782¹⁵³. Tomou o hábito dominico en San Esteban de Salamanca, onde estudou Teoloxía e canons. Explicaba filosofía en León ó producirse a invasión francesa e retirouse a Galicia, de onde non quixo saír malia que o invitaron a facerse cargo dunha cátedra en Salamanca. Ó producirse a exclaustación era prior de Ribadavia. Marcha á súa parroquia natal, onde exerce como ecónomo e o 30 de abril de 1847 presentouno Isabel II para o bispado de *Nueva Segovia*, en Filipinas¹⁵⁴, se ben o 16 de setembro seguinte foi proposto para Lugo, sendo preconizado por Pío

IX o 17¹⁵⁵ ou 18¹⁵⁶ de decembro de 1847.

Consagrouno o nuncio Brunelli na igrexa das relixiosas dominicas de Santo Domingo o Real de Madrid, o 21 de maio de 1848, actuando como padriño o sobriño do bispo e coñecido político Florencio Rodríguez Vaamonde, exministro de Justicia –acababa de selo no Goberno Pacheco (30-III-1847/31-VIII-1847)–, que logo o sería de Gobernación no Gabinete Miraflores (2-III-1863/ 17-I-1864)¹⁵⁷. Cremos que o parentesco non foi alleo á promoción episcopal pois, aínda que era un bo sacerdote, non se lle aprezan méritos especiais para o episcopado.

Tivo que ser un dos asinantes do escrito colectivo do episcopado español a Pío IX para consolalo no seu desterro de Gaeta, cidade

daquela napolitana, onde se refuxiara tras a súa fuxida de Roma, en poder da Revolución¹⁵⁸.

En xullo de 1852 acolleu fraternalmente no seu pazo episcopal lucense a quen naquel tempo era un bispo novel que se dirixía a ocupar a súa primeira diocese, a ourensá, sen que ninguén puidese prever a magnífica carreira eclesial que lle esperaba a Luis de la Lastra y Cuesta¹⁵⁹. Cando se foi promocionado de Ourense a Valladolid, diocese da que Lastra foi o seu primeiro arcebispo, Rodríguez Gil acababa de falecer. O feito máis significado do seu pontificado foi o roubo na catedral do disco ostensorio da custodia coa Sagrada Forma incluída, que ocorreu o 8 de decembro de 1854 e conmoveu á cidade. Rodríguez Gil acordou o cesamento a divinis en todo o

templo por tempo indefinido, se ben, por xestións do alcalde ante o bispo, se reanudou o culto o 21 de decembro. Non se atopou o viril nin tampouco a Sagrada Forma por máis que buscou na catedral. Reparouse a custodia por cuestación popular, á que contribuíu Isabel II con 25.000 reais¹⁶⁰.

Asinou a pastoral do arcebispo de Santiago e os seus sufragáneos (6-I-154) solidarizándose con Costa e Borrás e condenando El Clamor Público, La Nación y El Tribuno¹⁶¹, que foi unha especie de manifesto do episcopado español pois daquela eran sufragáneos de Santiago, Tui, Lugo, Mondoñedo, Ourense, Astorga, Oviedo, Zamora, Salamanca, Ávila, Plasencia, Coria, Badajoz e Cidade Rodrigo.

Unha vez que tras a Vicalvarada regresou o progresismo ó poder volveron a agudizarse os conflitos coa igrexa. O bispo máis belicoso contra a situación foi, sen dúbida, o barcinonense Costa e Borrás, pero o metropolitano de Compostela, García Cuesta, foille á zaga na súa oposición ás medidas anticatólicas do segundo mandato do xeneral Espartero. E os seus sufragáneos non o abandonaron no arriscado protagonismo que asumiu. García Cortés dá conta de boa parte deses documentos nos que, se a autoría era do compostelán, a responsabilidade se compartía.

Curiosamente o primeiro deses documentos destacados no período polo historiador compostelán non o asina por atoparse ausente o arcebispo santiagués. Encabézao, por ser o bispo máis antigo, precisamente Rodríguez Gil. E acompañano na protesta os bispos de Ourense, da Lastra, que acabará os seus días como cardeal de Sevilla; Mondoñedo,

Maceira; Astorga, Forcelledo; Oviedo, Díaz Caneja; e Zamora, Manso. A exposición ás Cortes, datada o 3 de febreiro de 1855, é unha protesta contra o proxecto de liberdade de cultos e os excesos da prensa. Rodríguez Gil, ademais de ser o primeiro asinante como por orde xerárquica lle correspondía, ¿foi tamén o autor do texto? Non o sabemos¹⁶². O 8 de febreiro de 1855 García Cuesta e os seus sufragáneos, entre eles Rodríguez Gil, expoñen á raíña contra o proxecto de desamortización de Madoz que quería rematar, como terminou facendo, o latrocinio de Mendizábal. Diso informaba con satisfacción Franchi a Roma na mesma data cá do documento¹⁶³.

Apenas un mes despois, o 9 de marzo de 1855, García Cuesta e os seus sufragáneos expoñen á raíña contra o decreto de supresión de capelánías¹⁶⁴. E o 21 do mesmo mes eran as Cortes as destinatarias da exposición que os bispos da provincia eclesiástica de Santiago facían contra o proxecto desamortizador¹⁶⁵.

As medidas contra a Igrexa multiplícanse e as protestas dos bispos tamén. Joaquín Aguirre sucedera no Ministerio de Graza e Xustiza a José Alonso, o mesmo que no anterior goberno de Espartero pretendía levarnos ó cisma en pos dunha utópica igrexa nacional separada de Roma. De formas máis puídas, o seu fondo regalista era o mesmo. E unha vez que Alonso Ruiz Conejares (VII-1854/XI-1854) se fixo imposible. Outra vez, para os mesmos revolucionarios, pensaron estes no catedrático de Dereito canónico, que abandonara a carreira eclesiástica sen conservar cara a ela o menor cariño, na persoa que podería continuar as medidas anticatólicas suscitan-

do menos resistencias. Pero o seu ministerio (XI-1854/VI-1855) foi, se cabe, máis axitado có do seu antecesor¹⁶⁶. En abril de 1855 publicou Aguirre un decreto prohibíndolles ós bispos conferir ordes sagradas, contra o que, naturalmente, reaccionaron enseguida os bispos composteláns (17/4/1855)¹⁶⁷.

A defensa da Igrexa levara ó desferro da súa diocese ós dous distinguidos prelados españois, un distinguidísimo, José Domingo Costa e Borrás, bispo á sazón de Barcelona e pronto arcebispo de Tarragona, e Vicente Horcos, bispo de Osma. O arcebispo de Compostela e os seus sufragáneos protestáranlle á raíña, nunha respectuosa exposición contra estas vexatorias medidas e en defensa dos bispos perseguidos por Espartero (17-IV-1855). O ministro de Graza e Xustiza, que xa era Manuel de la Fuente Andrés, de talante algo máis conciliador, respondeu cunha Real orde manifestando o desagrado de S.M. e do Goberno por ese proceder do episcopado que lle estaba afectando á solidez gobernamental¹⁶⁸.

O 25 de maio de 1855 expoñen a Isabel II contra a circular de Aguirre sobre os requisitos que deberían reunir os vigairos capitulares que se elixisen nas dioceses que quedaran vacantes por falecemento dos seus prelados. Hoxe custa traballo crelo pero ata estes extremos pretendían inmiscuirse os nosos últimos regalistas¹⁶⁹.

E agora unha cuestión que feriu especialmente a sensibilidade española, inmaculista e ultranza desde había séculos. O goberno esparterista non deu o pase á bula *Ineffabilis Deus*, proclamadora do dogma, de 8 de decembro de 1854, ata maio do ano

seguinte, nun acto mesquiño e vergonzoso que bastaría para desacreditar a calquera Goberno. Moitos bispos fixéranla pública na súa diocese encarando as iras gobernamentais. Era xa unha batalla perdida do regalismo que agonizaba pero que se resistía a morrer. Autorizada oficialmente por fin a publicación, trámite inútil pois todo español xa a coñecía, fíxoo con absurdas restricións contra as que protestaron os bispos da provincia compostelá o 6 de xuño de 1855¹⁷⁰. Non temos noticia de cá foi a actitude de Rodríguez Gil ante a publicación da bula. Non eran os dominicos precisamente os máis immaculistas, pero quede constancia, na súa honra, de que subscribiu a protesta contra as inauditas inxerencias regalistas.

Tamén protestará (10/8/1855), cos seus cosufraqueos e o seu metropolitano, contra o decreto de supresión de conventos de monxas que non tiveran doce profesas¹⁷¹. É o documento colectivo que destaca García Cortés pois a protesta do Goberno acabou con estas manifestacións corporativas. Non coñecemos ningunha individual do noso bispo que, por outra parte, se atopaba xa no ocaso da súa vida. Na que tampouco foi nunca un líder carismático do episcopado español.

En xaneiro de 1856 estivo seriamente enfermo¹⁷² e ó ano seguinte, na Coresma, agravouse o seu estado, ata o punto de que houbo que xestionar a consagración dos óleos en Santiago pois a saúde do bispo non lle permitía facelo. Poucos días despois, o 7 de abril de 1857, faleceu o prelado lucense¹⁷³.

Sempre se sentiu dominico e apoiou ós seus irmáns de hábito

que estaban exclaustrosados na diocese, servíndose deles para os distintos ministerios. Incluso lle pide, sen éxito, ó ministro de Gracia e Xustiza a restauración dos fillos de San Domingo en Lugo (23-X-1852), pensando instalalos en Samos¹⁷⁴. O futuro cardeal arcebispo de Zaragoza, Fr. Manuel García Gil OP, foi dos que máis colaboraron co bispo, que lle recomenda a nunciatura como episcopable¹⁷⁵.

Como bispo de Lugo asistiu, o 22 de abril de 1854, á consagración na súa cidade lucense, por García Cuesta, de quen máis tarde sería o cardeal García Gil, daquela nomeado bispo de Badaxoz. O 2 de xaneiro do ano anterior asistira en Santiago á consagración do bispo de Plasencia, Ávila¹⁷⁶.

JOSÉ DE LOS RÍOS LAMADRID (1857-1884)

En Abiada de Argüeso, pequeno lugar situado ó oeste de Reinosa e ó pé da actual estación invernal do Alto Campóo, provincia de Santander, naceu o 30 de marzo de 1802 José de los Ríos Lamadrid, ó que López Valcárcel cualifica, con toda a razón, como “este grande bispo”¹⁷⁷. Moreno Cebada, que dá a mesma data de nacemento, chámalle ó lugar Ariada e di estar na arquidiocese de Burgos (180), o que confirman, en canto á diocese, Guitarte na páxina citada e o Anuario de Subirana¹⁷⁸. Para Cuenca¹⁷⁹ e Subirana é Aviada.

Estudou a segunda ensinanza en Reinosa e Dereito en Valladolid, doutorándose en Leis e Canons. Foi secretario de cámara do cardeal Inguanzo, canónico da igrexa maxistral de Alcalá de Henares, vigairo xeral daquela cidade e secretario da Xunta Xeral de dotación do culto e clero en España¹⁸⁰.

A causa das súas notables cualidades e vencendo a súa resistencia a aceptar o episcopado, a raíña propúxoo para a diocese de Lugo o 28 de agosto de 1857¹⁸¹, preconizado o 23¹⁸², o 25¹⁸³ de setembro ou o 1 de outubro¹⁸⁴ de 1857, e consagrado nas Salesas de Madrid o 28 de xaneiro¹⁸⁵, ou de febreiro¹⁸⁶ de 1858, polo cardeal Alameda asistido dos bispos de Teruel, Landeira e dimisionario de Ávila, López Santisteban¹⁸⁷.

Xa na súa diocese, na que entrou o 24 de marzo de 1858, aloxa definitivamente a comunidade de agustinas recoletas no antigo convento dos dominicos, acabando cunha situación de inxustiza que viñan arrastrando estas infelices mulleres desde os días da revolución progresista. Pobres, vellas, sen fogar nin familia, vivindo da caridade pública que mendigaban polas rúas, lograron un asilo definitivo no que comezar tranquilamente unha vida relixiosa que, pola súa fidelidade, ben merecido tiñan¹⁸⁸.

Do ano 1861 é o seu Regulamento de casas reitorais¹⁸⁹ e dous anos máis tarde ten lugar un suceso memorable para a diocese: a recuperación do mosteiro de Samos. Imaxinámonos a emoción do párroco da vila, frei Ramón Guitián, relixioso exclaustroado daquel cenobio, ó tomar posesión en nome do bispo das ruínas daquel santo lugar que aínda non había moitos anos fora centro de vida relixiosa e o seu propio lugar. Medio século de abandono e de saqueo fixeron que o escribían que deu fe da recuperación pola igrexa do secular cenobio puidese escribir: “solo existen de este monasterio las paredes maestras y el tejado, y aun este muy deteriorado”¹⁹⁰. Pero, a pesar diso, foi un día fer-



*José de los Ríos
Lamadrid
(1857-1884)*

moso para a igrexa lucense e no que moitos se preguntarían o porqué daquel atentado contra a relixión, a arte, a xustiza e a liberdade que foi a desamortización.

O 25 de maio de 1865 o cardeal de Santiago, García Cuesta, e os seus sufragáneos reclaman o recoñecemento civil dos estudos cursados nos seminarios, polo menos para os seminaristas que abandonan a carreira eclesiástica, o que é recoñecido por Orde de 6 de outubro de 1866¹⁹¹.

En 1867 viaxa De los Ríos a Roma para asistir ó centenario do martirio de San Pedro, reuníndose con ese motivo 489 bispos en torno a Pío IX nunha manifestación imponente de fe católica e de solidariedade co pontífice espoliado. O prelado lucense asinou, con todos os seus irmáns, a

mensaxe do Papa aplaudindo o seu designio de celebrar un concilio ecuménico. A viaxe de ida fíxoa no San Quintín pero regresou por outro camiño¹⁹².

Segundo López Valcárcel era o bispo senador desde 1859¹⁹³, aínda que non o atopamos na relación que dá a Estatística das Cortes dos senadores nomeados consonte a constitución de 1845. Non aparece por Ríos, por Lamadrid, por De los Ríos, nin por bispo de Lugo.

En 1869 parte para o Concilio Vaticano pero no interveu con discurso ningún nas congregacións. Por motivos que ignoramos obtén licenza para abandonar Roma antes de que a asemblea concluíra as súas sesións¹⁹⁴.

O 13 de novembro de 1868 asina a exposición do arcebispo de

Santiago e os seus sufragáneos de Tui, Ourense e Lugo ó Goberno provisional da nación contra os decretos anticatólicos que o mes anterior promulgara a Revolución¹⁹⁵, en defensa da unidade católica, protestando polo cerramento de conventos de monxas, pola demolición de templos, pola expulsión de relixiosos... En Madrid foi publicada por La Esperanza, o gran diario católico que fundou Pedro de la Hoz co que tivo notable resonancia¹⁹⁶. García Cuesta perdera sufragáneos pero non arrestos para seguir defendendo a Igrexa e era daquela o líder indiscutido do episcopado español ante a inacción do primado Alameda.

Pouco despois, o 18 de xaneiro de 1869, o cardeal compostelán e os seus sufragáneos asinan unha exposición, tamén ó Goberno

provisional, protestando da abolición do foro eclesiástico¹⁹⁷. García Cortés di que a asina tamén o bispo de Mondoñedo pero é imposible pois a diocese estaba vacante desde o falecemento en 1868 do seu bispo Ponciano de Arciniega.

Desde a capital da cristiandade asina a protesta do episcopado español que naquel momento se atopaba en Roma contra o matrimonio civil (1-I-1870)¹⁹⁸ e, meses despois, o 26 de abril, a que os mesmos lle enviaron ó rexente, o xeneral Serrano, contra o xuramento da Constitución polo clero¹⁹⁹ e a que, un día máis tarde, 27 de abril, estes se dirixen ás Cortes sobre os proxectos en materias eclesiásticas que o ministro de *Gracia y Justicia* presentara á Cámara. Nesta exposición curiosamente falta a sinatura do belicoso bispo de Urgel, Caixal, polo menos segundo o *Boletín del Obispado de Tuy*, de onde recollemos o texto e os asinantes. E como non cabe a máis mínima dúbida de cáles eran os sentimentos do Urxelente ó respecto, e tampouco se ausentara de Roma, pensamos que, acudindo ó Concilio contra a expresa prohibición do Goberno, que vetara a saída de España de García y Cuesta e de Caixal, tal vez os bispos pensaran que a sinatura do fugado podería irritar máis ás Cortes²⁰⁰.

Tamén desde Roma felicita ós canónicos que se negan a prestar o xuramento á Constitución²⁰¹. Era o cabido aínda máis integrista que o bispo pois o 7 de xaneiro de 1871 resolve, por maioría, que non había lugar a celebrar funerais polo xeneral Prim, notorio masón, como solicitara a Deputación Provincial, a pesar da conformidade prestada por De los Ríos. Parece que por fin se

accedeu ós funerais²⁰². Non fora o bispo dos máis contrarios nas súas manifestacións ó novo réxime e foi dos felicitados por Ruiz Zorrilla pola súa contestación á Circular contra o Clero²⁰³.

O 1 de novembro de 1870, regresados a España os sufragáneos de Compostela que acudiran ó Concilio, que foron, co lucense De los Ríos, o ourensán Cuesta e Maroto, e o ovetense Sanz e Forés, asinan co metropolitano García Cuesta, a quen o goberno prohibira acudir a Roma, o tudense García Antón e o vigairo capitular de Mondoñedo, Piñera, a protesta dirixida ó Papa polo despoxo de Roma a mans da Casa de Saboya²⁰⁴.

O 3 de xaneiro de 1873 inicia a publicación do Boletín oficial do bispado²⁰⁵. Este ano é especialmente duro para o bispo, que ten graves enfrontamentos co gobernador civil. O 7, o 8 e o 18 de xuño dirixe comunicacións moi valentes á primeira autoridade da provincia defendendo ós seus párrocos das acusacións de predicar a insurrección e apoiar o carlismo²⁰⁶. Poucos días antes opuxérase o prelado á ocupación dun inmovible propiedade da Igrexa²⁰⁷. A situación chegou a extremos de especial tensión, que culminou cando o gobernador ordena aplanar a catedral o anoitecer do 22 de setembro de 1873, sen aviso previo ó bispo nin ó presidente do cabido, na busca de armas ou de non se sabe qué. Obrigouse ós fieis a saír do templo, rexistrouse a catedral e, como era de prever, retiráronse despois sen atopar nada que xustificase tan desaforado proceder. O bispo publicou unha nota de protesta que La Cruz reproduce baixo este significativo titular: Invasión sacrilega cometida na catedral de Lugo²⁰⁸. Non sabemos

se tan rechamante reclamo foi obra do prelado ou de Carbonero y Sol. O que certamente era do bispo, e asínoa como tal, é o texto da protesta.

Foi De los Ríos Lamadrid dos prelados que don Carlos recomendou a Roma²⁰⁹ pois “era el obispo de filiación carlista, cuyo nome estaba incluído en una lista enviada por Vicente de Manterola al cardenal secretario de Estado con los prelados y sacerdotes cuya promoción sería muy del agrado de S.M. El Rey Don Carlos VII”²¹⁰.

A Restauración alfonsina non supón para De los Ríos unha mellora das súas relacións co Goberno. O 17 de xaneiro de 1876 o arcebispo de Santiago, Payá, tras o falecemento en 1873 de García Cuesta, diríxese ó Rei, en nome propio e autorizado polos seus sufragáneos, contra o proxecto de liberdade de cultos e en defensa da unidade católica²¹¹. E o 26 de febreiro dese mesmo ano ó Congreso e ó Senado son ós que se dirixe agora Payá y Rico, debidamente autorizado polos seus sufragáneos, no mesmo sentido que o do documento anterior²¹². O 8 de marzo de 1876 será o propio De los Ríos quen escriba unha breve carta pastoral ós seus diocesanos en defensa da unidade católica, que foi secuestrada polo representante do Goberno²¹³. López Valcárcel, que sen dúbida é a mellor fonte para coñecer ó bispo, non recolle este incidente nin os que a continuación referiremos sobre o carlismo do prelado. En cambio, si sinala cómo o 17 de xullo de 1875 é desterrado a Estrella o canónico Ramón Lafuente Enciso²¹⁴. Aínda que non di por qué.

Segundo Martí Gilabert, “adoptó el obispo una actitud de rechazo

hacia la monarquía restaurada, lo que le ocasionó serios disgustos, y que sus reclamaciones frente a las disposiciones civiles para ejecutar los decretos del Gobierno no fueran atendidas con prontitud²¹⁵. Négase De los Ríos a acudir a Santiago cando o rei visitou a capital espiritual de Galicia, o que indigna ó goberno, e tampouco se presentou cando Alfonso XII visitou a catedral lucense, o que era moito máis grave, aínda que parece que, cominado polo ministro de Graza e Xustiza, compareceu no pazo episcopal a felicitar ó rei²¹⁶.

O 4 de maio de 1877 os cardeais de Toledo e Santiago (Moreno e Payá) e o Patriarca, cardeal Benavides, os dous primeiros no seu nome e no dos seus sufragáneos que os autorizaran expresamente, dirixen unha exposición a Alfonso XII pedíndolle que inflúa para que cese a opresión de Pío IX e reclamando a súa liberdade e independencia²¹⁷. García Cortés di que asinan o documento trece persoas mentres que o *Boletín de la diócesis de Tuy*, que estamos a utilizar, cita como asinantes os tres cardeais, os bispos de Coria, Plasencia, Sigüenza, Lugo, Oviedo, Ourense e Tui e os vigairos capitulares de Cuenca e Mondoñedo, que suman doce.

Condenou varias obras literarias²¹⁸. O 26 de abril de 1878, o arcebispo de Santiago e os seus sufragáneos dirixen unha exposición ó Congreso sobre a Lei de instrucción pública, de excelente contido pero que contabilizará moito máis, como todas as anteriores que vimos citando, no haber do arcebispo que no dos seus sufragáneos²¹⁹. En 1877 e en 1883 desprazouse a Valladolid a repoñer a súa saúde. Ignoramos a enfermidade e as cualidades terapéuticas da cidade do Pisuer-

ga ou da súa provincia sobre os males do bispo²²⁰.

Grazas á testamentaría dun sacerdote de Sarria puido *De los Ríos* concluír as torres da súa fermosa catedral (1879-1880)²²¹. Aceptou o Padroado da Asociación do Culto Continuo ó Santísimo Sacramento, “que creceu de maneira prodixiosa en toda España, chegando a contar no ano 1871 douscentos mil asociados”²²². E en 1880 restaura os beneditinos no mosteiro por el rescatado de Samos²²³.

Foi unha preocupación constante súa o apostolado das misións parroquiais²²⁴ e os exercicios espirituais ó clero²²⁵. Trouxo a Lugo as *Hijas de la Caridad* (1879), que foron unha bendición para os enfermos²²⁶. Tamén os escolapios se instalaron en Monforte en 1873²²⁷, deixando fondísima pegada naquela cidade e na súa comarca. Visitou a diocese con exactitude e detemento²²⁸, en 1858 restaurou e ampliou o seminario²²⁹ e foi todo un bispo exemplar.

En 1870 dicía del Moreno Cebada: “La diócesis que rige le venera de un modo extraordinario, porque reconoce en él el Pastor que la Providencia le ha concedido, un prelado que gobierna con sabiduría y prudencia, que fomenta la instrucción de su clero y que es un verdadero padre de los pobres”²³⁰. Trece anos despois, en 1883, celebráronse os 25 anos do seu episcopado, todos eles en Lugo pois foi a única diocese que rexeu. Foron días de felicidade para o ancián bispo, que xa tiña 81 anos e que viu cómo o rodeaba o amor de todos os seus diocesanos. “Todo lo agradeció el venerable anciano con un breve pero muy expresivo escrito publicado en el Boletín del 9 de mayo”²³¹. *La Cruz* deixou

constancia daqueles festexos²³². Lugo podía agradecer ás simpatías carlistas do prelado que non o trasladasen a unha diocese máis importante.

Nin que dicir ten que a súa actitude fronte á peregrinación a Roma dos Nocedal en 1882 foi entusiasta²³³, constituíndose na súa diocese a xunta organizadora tal e como a proxectaran os Nocedal, é dicir, baixo a presidencia de honor do bispo²³⁴. Con todo, non temos constancia de cál foi a súa actitude ante a peregrinación de 1876 que, seguro, o bispo tivo que mirar con bos ollos. Carbonero y Sol, o cronista da romaría, publica a seguinte *Advertencia*: “Diócesis de Toledo, Calahorra, Cartagena, Lugo, Orihuela, Tudela y Zamora. No han llegado a nuestro poder, a pesar de haber escrito a estos señores prelados, noticias oficiales de la parte que han tomado en la peregrinación; pero por noticias fidedignas sabemos que la bendijeron y recomendaron con eficacia, procurando que el número de peregrinos, donativos y funciones religiosas correspondiera al catolicismo y piedad de sus diocesanos y a la mayor gloria de la peregrinación”²³⁵.

A súa contestación á carta que a Unión Católica dirixiu ós bispos españois foi, en cambio, das máis tardías, breves e lacónicas, aínda que era favorable²³⁶.

Por estas mesmas datas felicita ó bispo de Santander, Calvo y Valero, pola súa condena de tres periódicos anticatólicos. Foi unha das últimas que lle chegaron ó santanderino, o que fai desculparse a *De los Ríos* pois “el estado de mi salud, bastante quebrantado hace algún tiempo, no me lo permitió”. E refírese á súa avanzada idade: “este anciano obispo...”²³⁷.



*Gregorio María
Aguirre García
OFM (1885-
1894).*

O atentado contra os restos mortais de Pío IX moveuno a escribir unha pastoral²³⁸. E os problemas da división dos católicos fanlle ser protagonista, máis ou menos destacado, de diversos episodios. A *Cum multa* lévao a publicar unha circular (8-I-1883), moi moderada, aínda que pide a unión de todos²³⁹. E asinará tamén –a única excepción foi a do de Osma, Lagüera– a mensaxe de gratitude do episcopado pola citada encíclica (6-I-1883)²⁴⁰. Figura tamén como firmante do Manifiesto de los prelados de la provincia eclesiástica de Compostela para remediar los males producidos por la división de los católicos (28-VII-1883) que, como obra de Payá, tiña que ser profundamente antinocedalista²⁴¹. De los Ríos Lamadrid non acudiría a Santiago, como o fixeron

outros bispos, e asinou o poder²⁴². Seguramente foi utilizado este polo metropolitano, sen que o bispo coñecese o texto do documento. Se non é que o tal poder, como ocorría en moitas ocasións, fose xeral e concedido para cantos documentos quixese asinar o metropolitano por el e os seus sufragáneos.

Eran xa os seus últimos días. O 8 de marzo de 1884 falecía José de los Ríos Lamadrid de colapso cerebral²⁴³, deixando na diocese un recordo que perviviu moitos anos, de santo e sabio bispo. Era, segundo *La Cruz*, “el decano de los obispos españoles”²⁴⁴.

O pontificado de De los Ríos coincide practicamente coa vida apostólica daquel santo sacerdote, do que se iniciou a causa da beatificación en 1943, coñecido como o *Apóstol de Galicia* que

foi o doutoral de Lugo Ramón María García Abad, falecido en 1887, tres anos despois do bispo que o ordenara en 1859. Misiónou toda Galicia e dioceses estremeiras como Astorga, Zamora e León pero, sobre todo, Lugo e Mondoñedo. O prelado que ten a sorte de ter na súa diocese un sacerdote destas características ben pode sentirse ditoso por canto iso supón de axuda ó seu labor pastoral. Porque non foi persoa que se santificou na recolecta cela dun convento ou que admirou coas súas virtudes a unha vila ou unha cidade senón que percorreu todas as parroquias do bispado predicando a conversión a Xesucristo e recollendo inmensos froitos²⁴⁵. Aínda así, aquel santo varón tivo un encontronazo co seu bispo que lle valeu a suspensión *a divinis*

en 1880. Parece que isto se debeu a un desacertado edicto do prelado convocando oposicións a penitenciario no que figuraba a cátedra de Dogma anexa ó beneficio. Os capitulares negáronse a asinar o edicto por consideralo contra dereito mentres que o bispo esixiu a sinatura baixo pena de suspensión *ipso facto*²⁴⁶.

Aquel mal xeneralizado que foi o nepotismo cremos que non era alleo ó noso prelado pois no Congreso Eucarístico de Lugo, que tivo lugar doce anos despois da morte do bispo, vemos inscritos a José de los Ríos Bedoya, “arcipreste” e a Vicente de los Ríos Puente, “canónigo”, que todo fai pensar eran sobriños de José de los Ríos Lamadrid²⁴⁷. E aínda aparece un terceiro sobriño, Antonio de los Ríos Bedoya, falecido en xaneiro de 1890, como reitor do seminario²⁴⁸.

Como bispo de Lugo asistiu en Madrid o 7 de marzo á consagración de Carrión (Puerto Rico); o 14 á de Benavides (Sigüenza) e o 21, sempre de 1858, á de Conde Corral (Plasencia), sen dúbida aproveitando a súa estancia na capital de España para a súa propia consagración a finais do mes anterior²⁴⁹. Tamén asistirá en Santiago, o 11 de abril dese mesmo ano, á do bispo de Ávila, Blanco²⁵⁰.

GREGORIO MARÍA AGUIRRE GARCÍA OFM (1885-1894)

A un gran bispo, pero a nivel diocesano, sucedeu unha gran figura da Igrexa española, aínda que Lugo foi só a súa diocese de aprendizaxe. Non é que non deixase pegada alí, pois Aguirre deixábaa por onde pasaba; o que queremos dicir é que foi máis tarde cando o cardeal Aguirre acadou un nome nacional.

Gregorio María Aguirre García naceu en Pola de Gordón, provincia de León e diocese de Oviedo, o 12 de marzo de 1835. Fillo dun “funcionario modestísimo”, estudou no seminario de San Froilán de León e entrou no convento alcantarino de Pastrana con vocación misioneira. Ós 22 anos fixo a profesión relixiosa (1857), concluíu os seus estudos e ensinou filosofía, sempre no convento alcarreño, ata que en 1861 o envián a Filipinas. Os vinte días de chegar, reexpídeno para España, co que fixo unha das viaxes máis inútiles que puido emprender un relixioso naqueles anos e que durou dez meses²⁵¹.

De novo na Península, ocupa importantes cargos, tanto de docencia coma de dirección, nos conventos de Pastrana, Consuegra, Almagro e Montalbán, demostrando en todos eles “calidades excepcionais” e “un celo activísimo en promover o ben e en dar novo florecemento á terceira orde”²⁵².

“La Corporación agradecida a estos servicios, no pudiéndole conceder título alguno académico por prohibirlo las leyes de la Orden, le honró con el más distinguido reservado a los religiosos beneméritos, concediéndole título perpetuo de Lector de Sagrada Teología y cánones, y declarándole a la vez definidor horario”²⁵³. O Concello de Almagro, tamén en proba de recoñecemento polo seu labor, nomearao fillo adoptivo²⁵⁴.

Abad, na nota biográfica que lle dedica a Aguirre²⁵⁵, no Suplemento do Diccionario de Historia Eclesiástica de España –inexplicablemente esquecéranse desta gran figura eclesial no correspondente tomo do Diccionario–, acumulando despropósito tras

despropósito, ó referirse ós frutíferos días de Aguirre tras o seu regreso de Filipinas, di: “Fueron estos años cuando su nombre tuvo resonancias de santo, sabio y héroe; pues tanto en Consuegra como en Pastrana, con su caridad, fe viva y fidelidad a la Iglesia, salvó a pobres ciudadanos de la muerte y dio a todos lección de ningún aprecio de la propia vida al servicio de la misma fe, ante partidas carlistas y grupos de protestantes, que merodeaban por la comarca consaburense”²⁵⁶. Non nos custa traballo ningún recoñecer que o franciscano interviria ante algunha partida carlista para salvar a vida dalgúns que se viran ameazados polos partidarios de D. Carlos, pero de aí a crer que había “grupos de protestantes” merodeando por Consuegra, armados e organizados, poñendo en risco a vida de cidadáns españois e do propio franciscano, parécenos unha fantasía inaceptable do abade.

Ningún crédito merece tampouco a afirmación seguinte: “Sabedor el Gobierno de Isabel II de su actuación doctrina y vida santa, fue presentado para obispo de Lugo”²⁵⁷. Tendo en conta que Isabel II foi derrocada en 1868, tería o representado 33 anos. Confundiú á nai co seu fillo Alfonso XII. “En 1876 (tenía solo 41 años) fue propuesto para una sede episcopal en la península, pero sin éxito; más tarde fue propuesto para un obispado en Filipinas; pero el padre Aguirre renunció (pensamos que no estaba dispuesto a repetir el penoso e inútil viaje que había hecho quince años antes). Por fin, cuando se disponía a trasladarse a Roma como penitenciario de la basílica Lateranense, y cuando por otra parte, monseñor Monzón, preconizado como arzobispo de Sevilla,

pensaba pedirlo como auxiliar, fue nombrado obispo de Lugo y preconizado el 27 de marzo del mismo año²⁵⁸. López Valcárcel adelanta un día la preconización: 26 de marzo de 1885²⁵⁹. García Antón coincide con Cárcel²⁶⁰. ¿Y García Oro? Naturalmente con López Valcárcel²⁶¹.

Consagrado na igrexa das Escolas Pías de Madrid o 21 de xuño de 1885 polo nuncio Rampolla, asistido por Sanz e Forés e Cámara, fai a súa entrada en Lugo o 2 de xullo seguinte²⁶².

Emprende inmediatamente unha exhaustiva e intensa visita pastoral²⁶³; “su celo apostólico tuvo amplio campo en sus largas horas de confesionario, en la predicación, a la que dedicaba todas las tardes de Cuaresma y muchos domingos al año en los templos de la ciudad²⁶⁴; procede o arreglo parroquial²⁶⁵; inicia a construción dun novo seminario con fondos que ninguén entende cómo foi capaz de lograr e conclúeo nun prazo moi breve, xa que no verán de 1893 tivo o bispo a satisfacción de velo en funcionamento²⁶⁶ resultando “un dos mellores de España”²⁶⁷, que o bispo puxo baixo a advocación da Sagrada Familia, substituíndo o anterior padroado de San Lourenzo²⁶⁸. A idea do novo seminario debeuna concibir nada máis tomar posesión da diocese, pois o 16 de xullo de 1887 xa adquirira os terreos necesarios para aquel. Dous meses despois sometía a idea ó cabido e púxose a recadar fondos para a obra. A última relación de donativos publicada sumaba a cifra de 52.720 pesetas mentres que as obras se adxudicaron en 223.000, cantidade que ó final se incrementara moi notablemente. Pero bo era o emprendedor bispo para pararse nesas minucias. E,

unha vez máis grazas á súa tenacidade e ó seu esforzo, saíuse coa súa²⁶⁹.

Conseguíu, imaxinámonos que con maior alegría, levar ós fillos de San Francisco, os seus irmáns, a Lugo²⁷⁰, entregándolles en 1893 o antigo Seminario de San Lourenzo²⁷¹. Á capital tamén chegan as *Hermanitas de los Pobres*²⁷², ás que cremos que encomendaría o Asilo que levantou²⁷³ e, en 1893, as *Siervas de Jesús*²⁷⁴. As *Hermanitas de los Ancianos Desamparados* comezan co seu caritativo labor en Monforte en 1887²⁷⁵.

O seu aprezo polos xesuítas manifestouse xa desde os seus días lucenses. Aloxou ó Pai Martín no seu pazo cando de provincial pasou por aquela cidade e, ó ser elixido prepósito xeral da Compañía, en 1892, Aguirre, na súa felicitación pedíalle “que mandara deterse e hospedarse no seu pazo ós xesuítas que pasaran por alí”²⁷⁶. Tivo especial eco na cidade do Santísimo a misión que os fillos de San Ignacio predicaron en 1889 e que foi a causa de que pechase unha loxia masónica que “contaba vinte anos de existencia”²⁷⁷, é dicir, desde a *Gloriosa*.

“Interesadísimo polo culto eucarístico”, constitúe, baixo a súa dirección, o Centro Eucarístico Diocesano de Lugo²⁷⁸. Cando Aguirre aínda non fixera a súa entrada oficial na diocese fúndase a Adoración Nocturna lucense grazas á iniciativa daquel santo varón que foi Luis de Trelles Noguero²⁷⁹. Ese mesmo ano Trelles instala así mesmo en Lugo, con aprobación do bispo, as *Camareras de Jesús Sacramentado*, que fundara en 1881²⁸⁰. En 1888 chega tamén á capital do Santísimo Sacramento a Guardia de Honor do Sagrado Corazón de Jesús, á que Aguirre tamén prote-

xeu²⁸¹. As escolas dominicais inaugúranse na capital en 1886 e en 1891 en Monforte de Lemos²⁸². Asiste ó Concilio provincial de Santiago²⁸³, ó que se dirixe cunha plática en latín na súa sesión e celebra sínodo diocesano, que non vía aquel bispado desde 1669²⁸⁴.

Respecto dos congresos católicos nacionais, non mostrou especial entusiasmo co de Madrid. Designou o seu representante na capital de España na persoa de Manuel García Menéndez, tenente vicario madrileño²⁸⁵. E non designou a ninguén na súa diocese, polo menos que saibamos²⁸⁶, para as relacións coa *Junta Central*²⁸⁷. Non é de estrañar que, ante o nulo interese do bispo, a diocese lucense fose das menos representadas no Congreso, con só dous socios inscritos, ambos seculares, e ambos honorarios, é dicir, que non asistirían²⁸⁸. Tampouco acudiu ó de Zaragoza (1890) e descoñecemos se se adheriu a el. No caso de telo feito, o cardenal Benavides se sentiría autorizado a firmar por el as famosas e tantas veces citadas reglas prácticas para a unión dos católicos, de contido moi contrario ó integrista. Ó de Sevilla (1882) cóstanos que asistiu²⁸⁹, así como, ese mesmo ano, no que se conmemoraba o cuarto centenario do descubrimento e evanxelización de América, asiste ós actos que tiveron lugar en La Rabida²⁹⁰ e, ó ano seguinte, ó primeiro Congreso Eucarístico Nacional que se celebrou en Valencia, levando á cidade do Santo Grial a representación da cidade do Santísimo Sacramento²⁹¹. As súas intervencións foron decisivas para que alí se acordara que o segundo Congreso Eucarístico Nacional tivera lugar en Lugo e, naturalmente, foi un

dos asinantes da mensaxe de adhesión á Raíña María Cristina²⁹². En 1885 acudira a Santiago para celebrar, con outros bispos, o achado dos restos do apóstolo e, desde alí, o día do Apóstolo, os prelados da provincia eclesiástica compostelá, encabezados por Payá, asinan unha protesta de adhesión a León XIII cunha durísima alusión a Nocedal, aínda que coma sempre sen nomealo. Asinana, con Payá, os bispos de Ourense, Zamora, que xa non era sufragánea pero cun bispo, Belestá, que ideoloxicamente está moi na liña de Payá e Rico, debeu acudir á festa maior compostelá, e o noso bispo de Lugo. Os de Mondoñedo, Tui e Oviedo asinan por delegación²⁹³.

Por esas mesmas datas prohibe a súa diocese *El Motín* e *Las Dominicales del Libre Pensamiento*²⁹⁴ e publica unha Pastoral sobre a Eucaristía (4-VII-1885), moi propia para inaugurar o seu episcopado na cidade eucarística²⁹⁵. E asiste e preside, en Mondoñedo, os funerais polo seu irmán no episcopado o prelado daquela diocese, Juan Manuel Palacios y López, falecido en decembro de 1885²⁹⁶.

Os desaforos dos que é obxecto o Papa provocan a protesta dos bispos de España (8-XII-1886)²⁹⁷ que, ó ano seguinte (4 ou 8-XII-1887, Jesús Iribarren non coincide con *La Cruz*), volven a protestar da situación do Pontificado e a reclamar poder temporal con motivo da felicitación a León XIII polas súas vodas de ouro sacerdotais, sendo un dos 13 bispos españois que, con este motivo, acudiran a Roma, cumprindo coa visita *ad limina*²⁹⁸. Volverá en 1894, acompañando a peregrinación obreira nacional. Abade, cun crédito non parece demasiado, refire tamén que “planeou

con estudo meditado a creación dunha industria para dar traballo ós seus diocesanos, que non puido realizar polo seu traslado a Burgos”²⁹⁹. De ser certo, sería un bispo realmente “avanzado” no “social”, que non só estudaba e escribía sobre esas cuestións, coma outros irmáns no episcopado que secundaban ó pontífice reinante, verdadeiro faro nesas temas –a inmortal *Rerum novarum* é de 1891–, senón que ía moito máis alá e pretendía levar á práctica persoalmente a doutrina social da Igrexa.

Os bispos da provincia eclesiástica compostelá (16-X-1887) remiten a León XIII as actas e decretos do Concilio provincial que celebraran, para a súa posterior aprobación e aproveitan a ocasión para felicitalo polas súas vodas de ouro co sacerdocio³⁰⁰.

Asinou a mensaxe de agradecemento dos bispos de España a León XIII pola encíclica *Libertas* (24-IX-1888)³⁰¹, na que volven a repetir as súas protestas pola situación do Papa; a indignada reclamación destes pola estatua erixida en Roma a Giordano Bruno, que estimaron unha afronta ó Pontificado (25-VII-1889)³⁰² e a breve felicitación do episcopado hispano ó ancián prisioneiro do Vaticano polas súas vodas de ouro episcopais (19-I-1893)³⁰³. A reivindicación revolucionaria do heterodoxo dominico fixo que os bispos da provincia eclesiástica compostelá publicaran tamén unha pastoral de protesta (8-IX-1889)³⁰⁴. Anos despois (3-I-1893), será un dos asinantes da protesta dos bispos da metropolitana santiaguesa contra o proxecto de abrir en Madrid unha capela pública protestante³⁰⁵. O arcebispo era xa Martín de Herrera, outro prelado nada sospeitoso de ter simpatías inte-

gristas, pero o seu modo de pensar era tan integrista coma o do mesmísimo Ramón Nocedal. E aínda firmará como sufragáneo, antes de ser promovido ó arcebispado de Burgos, tres reclamacións máis (16-IV-1893, 19-IV-1893 e 4-I-1894) de carácter facendístico³⁰⁶.

En marzo de 1893 foi elixido senador pola provincia eclesiástica de Santiago³⁰⁷. Non é de estrañar que Vico informe á Santa Se que era “uno de los mejores obispos de España”, engadindo que “cautiva a todos con su trato y consigue de todos lo que quiere, sean clérigos o laicos. De las autoridades civiles de Lugo, aunque adictas en parte a la masonería, ha conseguido que durante la Cuaresma se prohiban los bailes y las representaciones teatrales”³⁰⁸. ¿Defectos? Algún se atopaba Vico: o seu “trato pouco fino” –¿non quedaramos en que lle encantaba a todos?–, que atribuíu a “su estilo religioso” e que é “un tanto susceptible y parece propenso a sospechar del mal donde no lo hay”³⁰⁹. E engade: “Aunque de ideas favorables al carlismo, pone un cuidado muy especial en mostrarse diferente a todo partido”³¹⁰. E posiblemente foron esas mesmas autoridades lucenses, que Vico tiña por adictas á masonería, as que o 2 de febreiro de 1889 o nomearon fillo adoptivo da cidade³¹¹.

Contou, e non pouco contribuiría ó éxito pastoral do bispo, coa extraordinaria colaboración dunha gran figura da Igrexa hispana a quen unha morte prematura impediu que dese todos os froitos que se esperaban del. Refirome a Antolín López Peláez (1866-1918), cóengo maxistral de Lugo, ó que, unha vez trasladado Aguirre á súa nova diocese, se apresurou a levalo con el. Ben

sabía o que facía. Aínda que os bispados de López Peláez son do século XX, que se sae deste estudo, non estará de máis dicir del que en 1904 foi nomeado bispo de Jaca e en 1913 arcebispo de Tarragona para falecer poucos anos despois cando todo auguraba unha aínda máis brillante carreira eclesial. Se ó referirnos a De los Ríos mencionamos a fortuna do bispo ó ter contado cun doutoral santo como García Abad, non podemos silenciar agora a de Aguirre co seu maxistral. E a da diocese que contaba con estas personalidades entre os cóengos de oficio. Hoxe, cando case ningún católico coñece ós que son os distintos vigairos episcopais de cada diocese, e a maioría ata descoñecen que existen, cabe a nostalxia ante tantos cóengos ilustres que no século XIX e na primeira metade do XX foron figuras insignes da Igrexa hispana e ante aqueles cabidos catedralicios que foron sementeiros de bispos.

Este bispo non podía durar moito tempo nunha diocese humilde como o era a galega. Así, o 21 de maio de 1894 foi trasladado á archidiocese de Burgos como pórtico dos máis altos destinos³¹². Aínda que a chegada do franciscano á capital castelá se debeu, principalmente, á pechada oposición que fixo Morgades a que se trasladara de Vich á metropolitana burguesa³¹³. Que á súa vez propuxera pola negativa da raíña rexente, María Cristina, de que se nomeara para aquela archidiocese ó agustino Cámara, bispo de Salamanca. Que Aguirre chegara a Burgos por carambola da carambola nada mingua o seu prestixio eclesial. Antes e despois ía ser nomeado arcebispo; que fose dunha sé ou doutra era o de menos.

Como bispo de Lugo asistiu en Madrid, o 26 de setembro de 1886 á consagración de García Alcocer, franciscano como el, como bispos de Cebú (Filipinas); en Astorga, o 6 de setembro de 1891, á de Cuenca, González Conde; en Vitoria á do de Badajoz, Sáenz de Urturi, tamén franciscano, o 20 de setembro dese mesmo ano, e sete días despois, en Ocaña, á do de Canarias, Cueto³¹⁴. Cando se atopaba nesa vila toledana, chegou a ela a cabeza do bispo mártir José María Díaz Sanjurjo, hoxe nos altares, dominico galego executado no actual Vietnam, participando con Martínez Vigil, Fernández de Piérola e o neoconsagrado Cueto, dous deles tamén dominicos, nos solemnes actos relixiosos que con tal motivo se celebraron³¹⁵.

O destino burgalés de Aguirre (1894-1909), fecundísimo para a archidiocese castelá, foi apenas unha paréntese ata a súa chegada á sé primada de Toledo en 1909 e que ocuparía ata a súa morte en 1913. A púrpura cardinalicia non foi consecuencia do primario toledano senón que lle chegou en Burgos en 1907, o que non era habitual naquela archidiocese. Salvo erro ou omisión, nos tempos últimos só recordo, antes del a de la Puente e Primo de Rivera (1857.1867) e posterior a el a Benlloch (1919-1926). Pero non é este o lugar de falar dos arcebispos de Burgos ou de Toledo senón dos bispos de Lugo.

BENITO MURÚA LÓPEZ (1894-1909)

En Algete, Madrid, nace o 21 de marzo de 1846 Benito Murúa López³¹⁶. Echevarría di que naceu o 5 de xaneiro pero engade, entre paréntese, “ou o 21 de marzo” dese ano³¹⁷. Seguro que

todo lector adiviñou xa a data de nacemento que lle atribúe García Oro. Non se equivocaron: o 21 de marzo³¹⁸. E, por suposto, unha vez máis sen citar a López Valcárcel. De novo prescindimos deste avantaxado, e desafozado, sintetizador³¹⁹ do excelente traballo do cóengo de Lugo.

Estudou Humanidades no instituto de San Isidro de Madrid e Filosofía e Teoloxía, cunha bolsa de estudos, no seminario de Santander. Doutor por Toledo en Teoloxía e Cánones. Foi ordenado sacerdote o 18 de setembro de 1869. Cura de Ojebarr, capelán en Limpías, profesor do seminario de Santander, párroco e arcipreste de Castro Urdiales. Ó ser trasladado a Cádiz o bispo de Santander, Calvo y Valero, levouno con el, nomeándoo cóengo (1885) e provisor. Foi profesor do seminario gaditano e arcipreste en 1892³²⁰. O que di a *Crónica* do primeiro Congreso Católico Nacional de Madrid que o fai “canónico de esta Santa Iglesia Catedral”³²¹, é unha errata que se corrixe no tomo seguinte³²². En Cádiz debeu brillar como orador sagrado, reclamado para funcións eclesiais de campañas. Algúns deses sermóns querían os organizadores de semellantes eventos que non fosen flor dun día senón que se perpetuaran mediante a súa impresión. E así ocorreu co panaxírico do beato Juan Gabriel Perboyre, sacerdote da Congregación da Misión, martirizado en China en 1840³²³, pronuncia por Murúa na parroquia da Santa de Cádiz, con motivo do súa beatificación³²⁴.

O 18³²⁵ ou o 21³²⁶ de maio –a data de García Oro coincidirá naturalmente coa dun inspirador³²⁷–, de 1894 foi preconizado bispo de Lugo, e consagrado na catedral gaditana o 15 de agosto dese



*Benito
Murúa López
(1894-1909).*

ano, polo seu protector Calvo, auxiliado por Herrero Espinosa de los Monteros, bispo de Córdoba, e por Mazarrasa, administrador apostólico de Ciudad Rodrigo³²⁸.

Practicamente acabado de inaugurar o seu pontificado, "por Real Decreto de 14 de abril de 1896 siendo ministro de Hacienda Don Juan Navarro Reverter (de non grata memoria para a Igrexa e capaz de ser ministro en calquera conxuntura, pois foino con Cánovas, Azcárraga, López Domínguez, Vega de Armijo, Canalejas e Romanones, engadimos nós³²⁹), fueron creadas las Administraciones de bienes y derechos del Estado, ya felizmente suprimidas. Apenas estuvieron organizados estos centros administrativos, se llevaron a cabo un sinnúmero de atropellos contra

los bienes de la Iglesia, y la mayoría de todas las diocesis de España tuvieron que lamentar violentos despojos. El Excmo. e Ilmo. Sr. arzobispo de Santiago y los Ilmos. Srs. Bispos de Orense y Lugo, al ver como las administraciones nombradas se incautaban de los bienes diestros, mansos e iglesarios, saltando por encima de las disposiciones concordadas, tuvieron que formular enérgicas quejas, que fueron atendidas por la Dirección general de Propiedades"³³⁰.

Brillou pola súa caridade³³¹ e no seu pontificado foi Lugo sé do segundo Congreso Eucarístico Nacional, en agosto de 1896, despois do que tivo lugar en Valencia. Non foi Murúa o responsable da idea senón Aguirre, pero xusto é recoñecerlle ó novo bispo todos os traballos de pre-

paración e realización da grandiosa asemblea que reuniu unha inmensa multitude de católicos, da diocese e de fóra, para adorar ó Santísimo Sacramento na que é a súa cidade por antonomasia. A lámpada monumental colgada do centro do cruceiro da catedral é recordo daquel acontecemento pois foi custeada por suscripción nacional, mediante achegas de dez céntimos³³². Por todo iso nomeárono fillo adoptivo da cidade³³³.

Na *Crónica* daquela Asemblea veñen referidos os seus aspectos máis significativos. Debemos resaltar a activa participación de Murúa nos traballos preparatorios e a pastoral que escribiu animando ós seus diocesanos ante o próximo evento, publicada no *Boletín Eclesiástico* do 1 de marzo de 1896³³⁴. O Congreso

comezou o 26 de agosto³³⁵, asistindo a ela 22 bispos³³⁶ e case catro mil sacerdotes e segrares, “cifra non acadada por ningún outro Congreso que tivese lugar en España³³⁷. Á clausura asistiu o cardeal Cretoni, pro nuncio da Súa Santidade³³⁸, pechándose os actos cunha magna procesión á que acudiron unhas trinta mil persoas, máis que a poboación total da cidade³³⁹. Do feito quedou en Lugo un recordo que perdurou moitos anos.

Á presidir o Congreso o cardeal Cascajares, arcebispo de Valladolid, pero ó non poder comparecer a última hora foi presidido sucesivamente polo arcebispo de Santiago, Martín de Herrera e polo cardeal bispo de Urgel, Casañas³⁴⁰.

Este último pronunciou un precioso sermón no que falou da Eucaristía, a caridade, a unidade..., no que non se necesitaba moita perspicacia para entender que Nocedal era una vez máis o verdadeiro protagonista dos afáns e preocupacións episcopais³⁴¹. Casañas estaba moi de volta das súas anteriores posicións e o espectacular xiro valéralle a púrpura cardinalicia o ano anterior, pese a ser só bispo da humilde diocese de Urxel.

Murúa, naturalmente, firmou canto mensaxe se produciu con ocasión do Congreso. O que os bispos dirixiron ó Papa (29-VIII-1896), con alusións á masonería, a unión dos católicos, a liberdade e independencia do Pontífice, o triunfo do exército español en ultramar...³⁴². O dirixido á raíña rexente, Dona María Cristina de Habsburgo, sumamente dinástico e moi patriótico. Nel, denuncian a impiedade reinante e dan o seu apoio ó exército expedicionario que se debatía heroicamente contra os independentistas ultra-

marinos³⁴³. Debería esquecer Murúa, unha vez nomeado bispo, as súas ideas antimilitaristas de cóengo gaditano ás que faremos mención de seguido.

A mensaxe que dirixiu Casañas ó Goberno, comisionado polos bispos que acudisen a Lugo, é responsabilidade do cardeal, aínda que o asinara no nome de todos³⁴⁴. É unha durísima requisitoria, moi antimasonónica, denunciando a intervención das loxas na sublevación cubana e filipina. Tamén arremete, entre outras cousas, contra o protestantismo, os catedráticos inimigos da Igrexa e o traballo en días festivos.

Casañas seguía tan integrista como antes do seu cambio. Só se separara de Nocedal, aínda que ambos seguisen pensando o mesmo. Pero o Papa quería o recoñecemento da dinastía e o acatamento ó poder constituído, aínda que no Goberno figuraran anticatólicos e masones, que os bispos condenaban con toda a súa forza. Era case a cuadratura do círculo.

Funda unha casa para sacerdotes anciáns³⁴⁵ e trae ós maristas a Lugo³⁴⁶ e ós mercedarios a Sarria³⁴⁷. En 1897 acode a Roma en visita *ad limina*.

Respecto ós Congresos Católicos tivo unha activa participación, aínda desde antes de ser bispo. Asistiu ó Congreso de Madrid (1889), como cóengo gaditano³⁴⁸. E dirixiu un discurso á Asemblea, na sesión pública do 29 de abril³⁴⁹, co título de *Medios para hacer prevalecer el arbitraje de los Romanos Pontífices, como solución a los conflictos internacionales*, con opinións, polo menos chocantes, e máis naqueles tempos.

Defende o desarme xeral, afirma que “la organización militar lleva necesariamente a la opresión y a

la dictadura”³⁵⁰, chegando a asegurar que “ciudadano libre con todos sus imprescriptibles derechos y soldado con la librea del Estado, y sujeto a la inflexible ordenanza militar, son dos conceptos que se repelen”³⁵¹. Non faltará quen, con argumentacións deste tipo, afirme tamén que o sacerdote non é un cidadán libre cos seus imprescriptibles dereitos. En base a algo similar se disolveu, prohibiu ou expulsou en máis dunha ocasión en diversos Estados á Compañía de Xesús. Os clérigos esquerdistas de hai uns anos sostían teses notablemente parecidas.

Xa lanzado por esa pendente, leva ó extremo o seu razonamento: “No hace mucho que un elocuentísimo republicano español, hablando ante la representación nacional, negó al soldado los derechos que la legalidad moderna considera más sagrados e inherentes a todo ciudadano, a saber: el derecho al sufragio y a la libre manifestación del pensamiento en la prensa y en la tribuna. Y con razón se los negaba al ejército, porque de concederle todos estos derechos a la fuerza pública, lógicamente –¡vaya lógica!– llegaría un día en que esta impusiera su opinión al pueblo, del que era el más numeroso y benemérito representante, y los generales serían los jefes de la opinión, y los cuarteles los naturales Congresos de la patria. Pero al negar estos derechos al soldado, sabed, oh demócratas, que os contradecís, que al sostener un numeroso ejército con servicio obligatorio y encerrado en inmensos cuarteles, que semejan conventos, si es que no lo han sido, obligando a miles y miles de hombres con votos y juramentos de castidad, obediencia

